

**Memoria anual
de actividades**

2024



REAL ACADEMIA GALEGA

Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11
Apartado 557
15001 A CORUÑA
Tlf. 981 20 73 08
www.academia.gal
secretaria@academia.gal

Edita:

Real Academia Galega

Fotografías:

Real Academia Galega

<https://doi.org/10.32766/rag.449>

**Memoria anual
de actividades**

2024



REAL ACADEMIA GALEGA

Índice

Academia na actualidade	6	Letras Galegas	17
Comisión Executiva	6	Día das letras galegas 2024	18
Plenario	6	Plenario extraordinario	19
Membros correspondentes	7	Primavera das Letras	21
Membros de honra	7	Contádenos o voso Día das Letras	23
Xuntas académicas	8	Luísa Villalta, a rebelión da palabra	25
Ingreso de Anxo Angueira Viturro	9	Mil son eu tan só, tan soa	
Ingreso de Takekazu Asaka	10	Simposio Luísa Villalta	26
Andrés Fernández-Albalat, arquitecto da memoria	11	Novas das Letras Galegas	29
Convenios	12		
Representacións	13		
Declaracións institucionais	15		

Seccións	31	Servizos	71
Sección de Lingua	32	Arquivo	72
Galego sen Fronteiras		Biblioteca e hemeroteca	77
Cursos de verán		Colección de arte	
de lingua e cultura galegas	33	e obxectos históricos	81
Seminario de Gramática	37	Casa-Museo Emilia Pardo Bazán	84
Seminario de Lexicografía	39	Publicacións	89
Seminario de Onomástica	45	Tribunas	93
Seminario de Sociolingüística	54	Medios	95
Seminario de Terminoloxía	60	A Academia nos medios	96
Sección de Historia	62	7º Concurso de microrrelatos	101
Sección de Literatura	66		

A Academia na actualidade

Comisión Executiva

A Comisión Executiva da Real Academia Galega actúa por delegación do Pleno e encárgase de exercer o goberno da institución. Dende o 24 de abril de 2021 a súa composición é a seguinte:

Víctor Fernández Freixanes, presidente

Margarita Ledo Andión, secretaria

Fina Casalderrey, tesoureira

Marilar Aleixandre, arquivista -
bibliotecaria

Henrique Monteagudo, vicesecretario

Plenario

Está constituído por trinta membros de número e é o encargado de tomar as decisións últimas que afectan á Real Academia Galega.

Andrés Torres Queiruga

Manuel González González

Xesús Alonso Montero

Xesús Ferro Ruibal

Antón Santamarina Fernández

Ramón Lorenzo Vázquez

Francisco Fernández Rei

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Rosario Álvarez Blanco

Víctor Fernández Freixanes

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Euloxio Rodríguez Ruibal

Ramón Villares Paz

Margarita Ledo Andión

Manuel Rivas Barrós

Bernardino Graña Villar (*faleceu o 18
de xaneiro de 2025*)

Henrique Monteagudo

Xosé Luís Regueira Fernández

Pegerto Saavedra Fernández

Fina Casalderrey Fraga

Marilar Aleixandre

Chus Pato

Ana Romaní

Ana I. Boullón Agrelo

Gonzalo Navaza

M.^ª Dolores Sánchez Palomino

María López-Sández

Lourenzo Fernández Prieto

Anxo Angueira Viturro

Membros correspondentes

José Luis Varela Iglesias
Xosé Manuel González Reboredo
Xoán Carlos Rivas Fernández
Francisco Xavier Carro Rosende
Fernando López-Acuña López
Ivo Castro
Dieter Kremer
M.ª Teresa Barro Muñoz-Ortiz
Xosé María Lema Suárez
Xulio Ríos
Luís Daviña Facal
Johannes Kabatek
Xoán Babarro González
Xoán Bernárdez Vilar
Francisco Calo Lourido
Augusto Pérez Alberti
Xosé Xove Ferreiro
Modesto Aníbal Rodríguez Neira
Francisco Antonio Cidrás Escáneo
Ernesto Xosé González Seoane
Felipe Lubián Lubián
Héctor M. Silveiro Fernández
Carlos Xesús Varela Aenlle
Manuel Caamaño Suárez
Jorge Arbeleche
Craig Patterson
Luís Manuel García Mañá
Farruco Sesto Novas
Débora Campos Vázquez
Xosé Henrique Costas González
Antón Palacio Sánchez
Francisco Cerviño González
Alba Nogueira López
Xavier Vence Deza
Olivia Rodríguez González
Fernando Ramallo Fernández
José Manuel González Herrán
Luz Méndez Fernández
Goretti Sanmartín Rei
Xosé Antón Fraga Vázquez
Clodio González Pérez
Jorge Mira Pérez
Carlos Xavier Rodríguez Brandeiro

Marcos Bagno
Helena González Fernández
Olga Castro
Kirsty Hooper
Helena Villar Janeiro
Helena Zernova
Carmen Pazos Balado
Afonso Vázquez-Monxardín Fernández
Mercedes Queixas Zas
Xavier Senín Fernández
Ramón Nicolás Rodríguez
Celia Pereira Porto
Ana Romero Masiá
Luciano Rodríguez Gómez
Bieito Silva Valdivia
Montse Pena Presas
Diego Rodríguez González

Membros de honra

John Rutheford
Carlos Alberto Zubillaga Barrera
Marina Mayoral
María Rosa Lojo
Kathleen N. March
Takekazu Asaka

Xuntas académicas

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en xunta ordinaria e extraordinaria nas seguintes datas:

Xuntas ordinarias

O pleno da institución reuniuse de xeito ordinario o **6 de abril**, o **7 de xullo**, o **10 de outubro** e o **12 de decembro** de 2024.

Xuntas extraordinarias

27 de abril de 2024. Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega no auditorio municipal de Padrón co gallo da recepción de Anxo Angueira como académico de número.

17 de maio de 2024. Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega co gallo do Día das Letras Galegas dedicado a Luísa Villalta, que se desenvolveu na Coruña.

8 de xuño de 2024. Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega celebrada no auditorio da Xuventude de Cambados co gallo do ingreso de Takekazu Asaka como académico de honra.

Comisión executiva

A Comisión Executiva da Real Academia Galega reuniuse nas seguintes datas:

19 de xaneiro de 2024

29 de febreiro de 2024

18 de marzo de 2024

22 de abril de 2024

21 de maio de 2024

2 de xullo de 2024

23 de setembro de 2024

8 de novembro de 2024

3 de decembro de 2024

19 de decembro de 2024



Ingreso de Anxo Angueira Viturro

Anxo Angueira Viturro (Manselle, Dodro, 1961) é filólogo e escritor, profesor da área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Vigo e presidente da Fundación Rosalía de Castro. Ingresou na Real Academia Galega como membro de número o 27 de abril de 2024 no Auditorio municipal de Padrón. Chus Pato foi a encargada de darlle resposta en nome da RAG.

O seu discurso de ingreso, *I es a noite, i es a aurora. A poética da luz en Rosalía de Castro*, centrouse na evolución da alegoría da luz na obra de Rosalía, un elemento que funciona como símbolo tanto da dimensión social como existencial e que reforza dende a reivindicación do espertar político de Galicia nas páxinas de *Cantares gallegos* ata o reflexo das complexidades do eu nos versos de "Negra sombra". Anxo Angueira ocupa a cadeira de Salvador García-Bodaño (1935 - 2023), a quen rendeu homenaxe antes de profundar no tema do seu discurso.



Ingreso de Takekazu Asaka

Takekazu Asaka (Tokyo, 1952) foi profesor de castelán na Universidade Tsudajuku durante décadas, pero a súa paixón é a lingua e a cultura galegas. En recoñecemento a este labor, a Real Academia Galega recibiuo o 6 de xuño de 2024 como membro de honra nun acto celebrado en Cambados. O seu discurso de ingreso titulouse *Do poñente ó nacente. Unha ollada desde Xapón á lingua e á cultura galegas*.

O filólogo nipón levou ao seu idioma materno a Rosalía de Castro, Uxío Novoneyra ou os poetas medievais, promoveu a súa difusión a través da música, editou manuais pioneiros para a aprendizaxe do galego desde o xaponés, impartiu durante máis de quince anos clases da lingua de noso en varias universidades do seu país e estudou fenómenos lingüísticos como a gheada, o pronome de solidariedade e o infinitivo conxugado, entre outras achegas. O académico de número Francisco Fernández Rei foi o encargado de darlle resposta en nome da corporación.



Andrés Fernández-Albalat, arquitecto da memoria

A Real Academia Galega e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) renderonlle homenaxe o mércores 4 de decembro a Andrés Fernández-Albalat Lois (A Coruña, 1924-2019) co gallo do centenario do seu nacemento. Baixo o título *Arquitecto da memoria*, o acto dedicado ao académico de número desenvolveuse na delegación coruñesa do COAG.

Intervencións

Víctor Fernández Freixanes
 Charo Fernández-Albalat Ruíz
 Andrés Fernández-Albalat Ruíz
 César Portela
 Cristóbal Crespo González
 Myriam Goluboff Scheps
 Roberto Medín Guyatt



Convenios

Durante o ano 2024 a Real Academia Galega asinou convenios de colaboración, contratos e acordos con distintas entidades:

Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia polo que se instrumentan as subvencións nominativas para accións culturais e de investigación lingüística e para investimentos, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contrato de servizos coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia para a realización de traballos relacionados coa recolleita, normalización e elaboración de contidos e actividades divulgativas sobre a toponimia galega.

Resolución do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades pola que se concede e regula unha subvención nominativa á Real Academia Galega, prevista nos Presupostos Xerais do Estado.

Subvención nominativa da Excm. Deputación Provincial da Coruña para colaborar nas actividades da Real Academia Galega.

Subvención nominativa da Excm. Deputación Provincial de Lugo para colaborar nos gastos de funcionamento da Real Academia Galega.

Subvención nominativa da Excm. Deputación Provincial de Ourense para gastos de funcionamento da Real Academia Galega.

Subvención nominativa da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para colaborar nas actividades da Real Academia Galega.

Contrato de cesión de obras de arte entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Museo de Pontevedra, e a Real Academia Galega.

Convenio de colaboración co Concello da Coruña para colaborar nas actividades da Real Academia Galega.

Acordo entre a Fundación Barrié e a Real Academia Galega para a edición electrónica do Dicionario da RAG e o “Portal das Palabras”.

Axuda económica da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do Simposio Luísa Villalta.

Convenio marco de colaboración entre a Real Academia Galega e o Concello de Ames para o desenvolvemento do proxecto *Modo galego, actíva!*

Renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Fundación Cidade da Cultura e a Real Academia Galega de cesión, a título gratuito, do espazo necesario no edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia para situar os seminarios de Lexicografía, Sociolingüística e Onomástica.

Representacións

A Real Academia Galega ten representación institucional nas seguintes entidades:

Asociación PuntoGal	Padroado da Biblioteca Nacional
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	Padroado da Fundación Carlos Casares
Consello Asesor de Publicacións. Deputación de Ourense	Padroado da Fundación Castelao
Consello da Cultura Galega	Padroado da Fundación Curros Enríquez
Consello da Memoria Democrática. Concello da Coruña	Padroado da Fundación Gonzalo López Abente
Consello Municipal da Cultura. Concello da Coruña	Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez
Consello Social da Lingua Galega. Concello de Vigo	Padroado da Fundación Luis Seoane
Fundación Cidade da Cultura	Padroado da Fundación Manuel María de Estudos Galegos
Fundación Penzol	Padroado da Fundación Rosalía de Castro
Instituto da Lingua Galega	Padroado do Museo do Pobo Galego
Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade	Padroado da Fundación Camilo José Cela
Padroado da Biblioteca do Real Consulado	Padroado da Fundación Otero Pedrayo
	Padroado da Fundación Uxío Novoneyra
	Padroado da Fundación Eduardo Pondal

A Real Academia Galega é membro do xurado dos seguintes premios:

Premio Antón Losada Diéguez	Premio de Narrativa Breve Repsol
Premios da Cultura Galega	Premio de Tradución Plácido Castro
Premio Mondoñedo 10	Premio Otero Pedrayo
Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte	Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo

Institucións colaboradoras coa Real Academia Galega:

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Asociación PuntoGal

Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Concello da Coruña

Consello da Cultura Galega

Deputación da Coruña

Deputación de Lugo

Deputación de Ourense

Deputación de Pontevedra

Fundación Barrié

Fundación Luís Seoane

Fundación Otero Pedrayo

Fundación Penzol

Fundación Rosalía de Castro

Grupo Radio Televisión de Galicia

Instituto da Lingua Galega

Museo de Pontevedra

Museo do Pobo Galego

Parlamento de Galicia

PEN Clube de Galicia

Universidade da Coruña

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade de Vigo

Xunta de Galicia

Persoal adscrito á administración da Real Academia Galega

Secretaría:

M.ª Dolores Sánchez Vales

Contabilidade:

Lurdes Revaldería López

Comunicación:

Iolanda Fernández Casal

Alberto Lema Suárez

Revisión lingüística:

Carme Cambre García

Adrián Estévez Iglesias

Informática:

Juan Montenegro Rey

Conserxaría:

Rolando Sánchez Couceiro

Xose R. Calón López

Declaracións institucionais

Declaración institucional da Real Academia Galega a prol dun pacto pola lingua

13 de decembro de 2024

Os datos sobre a situación do idioma que acaba de publicar o Instituto Galego de Estatística (2024), analizados no *Informe sobre a situación da lingua galega* aprobado no Plenario, son contundentes: dramática redución da cifra de falantes de 5 a 14 anos, incremento exponencial das prácticas monolingües en castelán en todos os grupos de idade (que atinxe o 43% na cohorte de 15 a 29 anos e o 54% na de 5 a 14 anos), incapacidade para falar galego do 32% no grupo de idade máis novo, e incompetencia para escribilo do 38% nese mesmo grupo.

Estas cifras ofrecen unha proba rotunda das consecuencias do decreto chamado de plurilingüismo de 2010 e en xeral do abandono das políticas de protección do galego: incremento do monolingüismo en castelán e diminución tanto da competencia en galego canto do seu uso.

A Real Academia Galega tense manifestado reiteradamente sobre a situación do galego. Ademais de diversos estudos e informes, cómpre lembrar aquí pronunciamentos do seu Plenario como **a análise do decreto de plurilingüismo (2010)**, **a demanda dunha avaliación dos efectos deste decreto sobre as competencias do estudante (2014)**, **a reclamación de desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2015)** e o **requirimento de aplicación íntegra da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (2019)**.

O proceso de substitución do galego gañou un ímpeto extraordinario ao longo do presente século, e a caída de uso da lingua galega, sobre todo entre as novas xeracións, é un feito obxectivo que pon en grave risco a continuidade do idioma. Por tanto, cómpre sinalar o seguinte:

1. A responsabilidade é de toda a sociedade galega, pero moi fundamentalmente de quen detén o goberno e dispón, xa que logo, dos mecanismos de actuación e planificación. A primeira responsabilidade é, por tanto, do goberno galego.
2. Hai varias fronteas necesitadas de actuación urxente, entre as que salientamos:
 - a. No seo das familias vivimos unha dramática ruptura da transmisión xeracional.
 - b. Na escola non podemos aceptar que nenos e nenas que chegan ao ensino infantil e primario falando galego (a lingua das familias) volvan ao pouco tempo falando castelán. Os obxectivos do sistema educativo establecidos pola Lei non se cumpren.
 - c. Os medios de comunicación, que afrouxaron nas iniciativas creativas arredor da lingua, son axentes fundamentais para a normalización do idioma. En canto aos medios públicos, manifestamos a nosa fonda

- preocupación pola posibilidade do uso doutras linguas que permite o *Proxecto de lei de servizos de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital*.
- d. A industria da cultura precisa mecanismos e estratexias de difusión que permitan aos creadores en galego chegar ás audiencias (sobre todo á xente nova) e compensar a forte incidencia da oferta global.
 - e. Os axentes representativos da sociedade civil e as administracións son fundamentais. Urxe unha política estimulante que incorpore o galego ao mundo da empresa, a publicidade, o comercio, os deportes, o lecer, o culto relixioso etc., e mais que o active na administración pública, na sanidade, na xustiza...
 - f. A respecto da presenza da lingua nas novas tecnoloxías da comunicación, é necesaria unha estratexia activa que estimule os creadores nas redes sociais, a súa presenza na intelixencia artificial etc.
 - g. Achegamento ao portugués sen renunciar ao galego potenciando a dimensión internacional do idioma a través da lusofonía.
3. Todo o anterior debería concretarse nunha revisión do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*, en que deben participar os axentes sociais relevantes. Esta revisión debe prever a súa implementación, con medidas concretas, dotadas do correspondente orzamento, e obxectivos temporalizados, con indicación dos órganos executores e previsións de avaliación periódica do seu cumprimento.
 4. A *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, compromiso internacional que obriga ao Estado e á Xunta de Galicia, debe ser cumprida na súa integridade. Isto implica o deseño dun marco normativo novo para o galego, incluíndo un novo decreto para o sistema educativo que substitúa o decreto de plurilingüismo de 2010, que diminuíu a presenza do galego no ensino e que a RAG recorreu legalmente no seu día. Tal como esta Carta prevé, debe ofertarse unha liña de ensino en galego desde a escola infantil á Universidade. Igualmente, cómpre que o sistema universitario se comprometa co uso do galego como lingua da docencia.
 5. Como punto de partida para esa nova política, é imprescindible que se chegue a un **Pacto pola Lingua Galega** que implique o conxunto da sociedade. As formacións políticas representadas no Parlamento son a expresión da soberanía popular e a elas corresponde a iniciativa, mais contemplando a participación activa dos axentes sociais.
 6. A Real Academia Galega insta a Xunta de Galicia e as forzas políticas a iniciaren o novo curso político cun proxecto de futuro para o idioma que comprometa e ilusione. Cómpre situar **o patrimonio común do idioma** por riba dos cálculos a curto prazo e das controversias partidistas. Esta é unha tarefa urxente, que non admite máis demoras.

A Coruña, 13 de decembro de 2024



Letras
Galegas
2024

Día das letras galegas 2024



Foto: Xurxo Lobato

O pleno da Real Academia Galega, reunido o 29 de xuño de 2023, acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004), cadrandoo co vinte aniversario do seu pasamento.

Creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega da segunda metade dos anos 80 e primeiros dos 90, o Día das Letras de Luísa Villalta foi unha ocasión excepcional para reivindicala. A autora coruñesa fainos pensar o mundo contemporáneo a través dunha obra marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística. O cruzamento entre a poesía e a música é outro dos trazos definitorios dunha autora recoñecida sobre todo como poeta, pero que tamén cultivou con talento o teatro, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e a tradución.

Plenario extraordinario da Real Academia Galega no Día das Letras Galegas dedicado a Luísa Villalta



A sesión extraordinaria e pública do 17 de maio da Real Academia Galega celebrouse no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Ana Romani, Margarita Ledo e Euloxio R. Ruibal trazaron o retrato dunha intelectual en toda a amplitude do termo a través de distintos fragmentos e referencias ao seu legado literario e extraliterario.

A sesión arrincou coa interpretación de dúas pezas de Bach a cargo de **Kiyoko Ohashi** no violín. **Ana Romani** propuxo na primeira alocución un xogo literario no que debuxou un hexágono de palabras de Luísa Villalta. A continuación, **Margarita Ledo** afondou na acción e no pensar colectivo, nese “formar parte” que Luísa Villalta practicou na militancia política ou como membro da directiva da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. **Euloxio R. Ruibal** detívose por último no teatro de Luísa Villalta. A autora era

coñecida sobre todo como poeta, mais a celebración do seu 17 de maio contribuíu a visibilizar esoutros xéneros que cultivou tamén con salientables achegas. Un deles é o dramático, ao que pertence precisamente o seu primeiro título publicado, **Concerto para un home só** (1989), recuperado pola RAG nunha edición conmemorativa coa que foi agasallado ao público que encheu o recinto.

Víctor F. Freixanes puxo o acento no compromiso cívico de Luísa Villalta en todas as súas dimensións, e especialmente na lingüística, nun chamamento a pensar o futuro do idioma propio colectivamente.

O pleno extraordinario rematou coa interpretación do himno galego de **Estibáliz Espinosa** na voz e Ohashi no violín, tras a intervención do presidente da Real Academia Galega.





Primavera das Letras 2024

O 27 de febreiro presentouse na Casa de Cultura Pintor Lloréns de Sada a nova edición do proxecto da Academia para o público infantil **Primavera das Letras**.

No acto participaron o presidente da Real Academia Galega, **Víctor F. Freixanes**, e a académica **Fina Casalderrey**, acompañados das comunidades educativas do CEIP Sada y sus Contornos e do IES Isaac Díaz Pardo, onde **Luisa Villalta** foi docente de Lingua e literatura galegas dende o ano 1991 ata o seu pasamento. No acto tamén participaron **Susana Villalta**, irmá da homenaxeada, e o alcalde de Sada, **Benito Portela**.

Xoán Babarro e **Ana María Fernández** son os autores do conto biográfico, titulado

Violino, Inglesa e o libro xigante. Pequena biografía de Luisa Villalta. As imaxes da historia correron a cargo de **Óscar Villán**, Premio Nacional de Ilustración.

Os protagonistas da presentación foron os alumnos e alumnas do CEIP Sada y sus Contornos, parte dos cales levaron á escena unha adaptación teatral da historia do académico correspondente Xoán Babarro e de Ana María Fernández realizada pola mestra **Tamara Rodríguez**. Pola banda do IES Isaac Díaz Pardo, o alumno **Roque Souto Parga** e as alumnas **Eva Mato Escurís** e **Candela Naya López**, de primeiro de bacharelato, deron lectura a varios fragmentos de obras poéticas e ensaísticas de **Luisa Villalta**.



Contádenos o voso Día das Letras

O CEIP Sada y sus Contornos (Sada), o Colexio Fogar de Santa Margarida (A Coruña) e mais o CEIP da Espiñeira-Aldán (Cangas) foron os gañadores da oitava edición de Contádenos o voso Día das Letras.

O colexio Sada y sus Contornos, onde Luísa Villalta foi docente dende 1990 ata o seu pasamento prematuro en 2004, promoveu o coñecemento da figura e da obra da autora con distintas iniciativas. Bandas deseñadas sobre a escritora, unha entrevista radiofónica a exalumnos de Villalta e un festival co gallo da celebración do 17 de maio foron parte das propostas desenvolvidas ao longo do curso 2023-2024. O alumnado levou ademais á escena unha adaptación de **Violino, inglesa e o libro xigante. Pequena biografía de Luísa Villalta**, a historia escrita por Ana María Fernández e o académico correspondente Xoán Babarro para Primavera das Letras.

O CEIP da Espiñeira-Aldán, un dos premiados na edición anterior do concurso, resultou de novo gañador en recoñecemento a unha completa proposta de sete obradoiros. Cada un nomeouse cunha nota do pentagrama, en referencia á faceta musical que sempre acompañou a Villalta, e dedicouse a profundar na súa vida e obra, así como a promover o uso do galego. Unha colaxe literaria, actividades de escritura creativa partindo de versos da autora, un podcast sobre a homenaxeada, o Rosco Letras Galegas 2024 e propostas de acompañamento musical para versos da poeta foron parte das iniciativas levadas a cabo neste colexio cangués.

No Colexio Fogar de Santa Margarida o alumnado de todos os niveis participou durante toda unha semana na Xincana de Luísa Villalta, cunha serie de xogos e pasatempos para distintas idades arredor da




vida e do legado literario da escritora. Os estudantes do centro coruñés foron ademais parte do equipo do vídeo **A Coruña de Villalta**, un traballo que implicou nenos e nenas de distintos colexios de Escolas Católicas da Coruña.

O 22 de outubro celebrouse a **entrega dos premios** na Casa da Cultura de Sada. Na celebración recoñeceuse o labor do profesorado na defensa da lingua galega, nun momento en que as enquisas sobre o uso e o coñecemento do idioma propio entre as novas xeracións lembran a necesidade de mudar o rumbo da política lingüística, de maneira especial no que atinxe á xente máis nova.

A coordinadora da iniciativa, **Fina Casalderrey**, conduciu o acto, que contou coa participación da nai e a irmá de Luísa Villalta, **María Gómez** e **Susana Villalta**; e do alcalde de Sada, **Benito Portela**, un dos moitos alumnos da escritora. Tamén asistiu unha representación do profesorado do IES Isaac Díaz Pardo, onde Luísa Villalta foi docente, e do alumnado de 1º da ESO, que o ano pasado participou dende o CEIP Sada y sus Contornos nas actividades premiadas hoxe.



Luísa Villalta, a rebelión da palabra



O 9 de abril estreouse **Luísa Villalta: a rebelión da palabra**. O documental, dirixido por **Damián Varela Pastrana** e realizado por **Miramemira**, consta de seis episodios nos que máis dunha vintena de voces trazan un retrato coral de Luísa Villalta.

Xunto aos testemuños recollidos, a narración —con guión de **Alba López Álvarez**— complementase coas contribucións artísticas doutros profesionais do ámbito da poesía, a música e as artes escénicas. Os recitados, música, danza e mesmo unha adaptación dunha das obras teatrais da escritora, *Os dóces anos da guerra* (2001) complementan un total de case dúas horas de cinema documental.



Antes da palabra, o son

Percorrido biográfico



Silencio

A produción como dramaturga, narradora e articulista



Melodía

A relación de Luísa Villalta coa música



Ruído

Compromiso cívico na vida e na obra da protagonista



Harmonía

Análise da produción poética da autora



Eco

A esencia da personalidade de Luísa Villalta a través de artistas de distintas disciplinas, con fincapé no derradeiro poemario, *Papagaio*

© Xosha Lugo

mil son eu tan só, tan soa

Luísa Villalta

Simposio

19-20-21 novembro 2024 / 17:00 - 20:30 h
Fundación Barrié. A Coruña / Emisión en directo: academia.gal
Coordinan: Margarita Ledo e Ana Romaní

Organiza REAL ACADEMIA GALEGA

Apoian XUNTA DE GALICIA

Fundación Barrié

○ **Simposio Luísa Villalta. Mil son eu tan só, tan soa** celebrouse os días 19, 20 e 21 de novembro na sede da Fundación Barrié.

○ encontro estivo coordinado polas académicas Margarita Ledo e Ana Romaní e foi emitido por streaming a través de academia.gal, onde se pode visualizar. O programa desenvolvido foi o seguinte:

Martes 19 de novembro. Abrir a boca en ti

17:00 h Apertura institucional

17:30 h Relatorios

Presenta: Ana Romaní e Margarita Ledo
Eva Veiga. *A escrita e as súas metamorfoses*
Paulino Pereiro. *O recurso da música na obra de Luísa Villalta*

18:45 h **TODO A MESMA NOITE CO SEU DÍA**

Mesa redonda Modera: Marga do Val
Chus Nogueira. *Xa pasou o Día. Pensar Luísa Villalta*
Luciano Rodríguez. *Densidade leve*
Rexina R. Vega. *O control da mirada, a disidencia do corpo. A escrita feminista de Luísa Villalta*

20:00 h Maribel Longueira. Proxección
fotográfica: *Papagaio*





Mércores 20 de novembro O xesto de buscarmos

17:00 h Relatorios

Presenta: Fina Casalderrey
Inmaculada Otero Varela. *A narrativa de Luísa Villalta: un relato de compromiso e de innovación*
Henrique Rabuñal. *Catálogo de mulleres no teatro de Luísa Villalta*

18:30 h COMPARTIR AS CORDAS

Mesa redonda Modera: Mercedes Queixas
Chus Pato. *O poema Villalta: todo en Sol*
Estíbaliz Espinosa. *Acordar no entrelazamento*
Tamara Andrés. *Luísa Villalta, palabra e fuga*

20:00 h Actuación musical: **Uxía**



Xoves 21 de novembro Abrir a boca á escuridade

17:00 h Relatorios

Presenta: Montse Pena Presas

Xosé M^o Álvarez Cáccamo. *Luísa Villalta,*
poeta da Cidade

Pilar García Negro. *O ensaio de Luísa*
Villalta: de como o discurso teórico acode en
auxilio do vivo

18:30 h CONQUISTAR O CORAZÓN DA CIDADE

Mesa redonda. Modera: Cesáreo Sánchez
Iglesias

Teresa Seara. *"Múltiplo eu": a cidade*
heteroxénea de Luísa Villalta

Xurxo Souto. *A canción do mar do Orzán*

Miguel Anxo Fernán Vello. *Cidade e poesía*
en Luísa Villalta

20:00 h *Indóciles*

Vero Rilo, Nuria Vil e Mónica de Nut



Novas das Letras Galegas de 2024

Presentación do Ano Luísa Villalta na Rede

8 de xaneiro de 2024

A Real Academia Galega abriu o Ano Luísa Villalta coa posta en marcha na súa páxina web da sección sobre a autora. A académica de número **Ana Romani** traza o retrato da escritora coruñesa e percorre a súa obra.



Presentación da programación da Academia para as Letras Galegas 2024

30 de xaneiro de 2024

Víctor F. Freixanes presentou a programación das Letras Galegas 2024 canda a **Marilar Aleixandre**, directora da Sección de Literatura da RAG, e **Susana Villalta**, irmá de Luísa Villalta.



A poesía de Luísa Villalta máis comprometida nos vinte anos do seu pasamento

6 de marzo de 2024

Cadrando co vixésimo cabodano da autora, a Real Academia Galega abriu nas redes sociais e na súa web o espazo **Palabras de Luísa Villalta**, un mosaico que puxo o foco en fragmentos da súa obra con diversas palabras como guía. A institución estreou tamén un episodio da serie **O Seminario de Onomástica responde** no que **Iván Méndez** expón as distintas hipóteses sobre a orixe e o significado do nome do **Papagaio**.



Unha edición bilingüe galego - hindi de poemas de *Papagaio* ponlles o ramo ás Letras Galegas de Luísa Villalta

19 de decembro de 2024

O profesor da Universidade Nacional Aberta Indira Gandhi da India **Vikash Kumar Singh**, exalumno dos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”, asina a tradución ao hindi de oito poemas de *Papagaio* na edición que se incorpora ao catálogo de publicacións dixitais de academia.gal, ilustrada cunha selección das fotografías de Maribel Longueira que inspiraron os versos.



Secciones



Seccións

Sección de lingua

A Sección de Lingua confórmana os seguintes seminarios:

Seminario de Gramática

Seminario de Lexicografía

Seminario de Onomástica

Seminario de Sociolingüística

Seminario de Terminoloxía

Grupo de traballo

En 2024 botou a andar un grupo de traballo constituído polos/as coordinadores/as dos seminarios e outros membros convocados en función da temática, dedicado ao estudo de casos especiais en relación coa norma de cara a adoptar propostas colexiadas.

Directora: Rosario Álvarez Blanco

Secretario: Henrique Monteagudo

Reunións:

22 de abril de 2024

14 de maio de 2024

GALEGO SEN FRONTEIRAS

Cursos de verán de lingua e cultura galegas

Real Academia Galega

Galego sen fronteiras. Cursos de lingua e cultura galegas

Os Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras” chegaron en 2024 á súa trixésimo cuarta edición. Baixo a dirección de Henrique Monteagudo e con María López-Sándeiz na secretaría académica, reuniu máis de medio cento de estudantes procedentes de Europa, América e Asia. O programa desenvolveuse dende o 3 ata o 24 de xullo. Como en anteriores edicións, o alumnado gozou dunha experiencia de

imersión lingüística e social en Galicia ao tempo que acudía a clases e seminarios organizados por niveis. A oferta completouse con visitas e outras actividades que lles ofreceron ás persoas asistentes unha aproximación á realidade do país dende distintas perspectivas, dende a literaria, lingüística e musical á artística e paisaxística.

As clases teóricas e prácticas desenvóléronse co seguinte profesorado:

Grupo	Clases teóricas	Clases prácticas
Elemental 1	Ana Fachal Fraguela e Esther Martínez Eiras	Celia Fernández Vasco e Xoán Carlos Goris García
Elemental 2		
Medio	Vicente Feijoo Ares	Rocío Barreiro Marzoa e Inés Rodríguez Rial

Grupo	Módulos comúns	Monográficos
Superior	Valentina Formoso: <i>Achegamento á sociolingüística galega</i>	Gabino Vázquez Grandío: <i>A dinamización lingüística nos espazos educativos</i>
	María López-Sándeiz: <i>Historia da literatura galega</i>	Chus Nogueira: <i>Poesía galega e xénero</i>

Conferencias

4 de xullo. María Álvarez de la Granja: *Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fra-seoloxía galega*

9 de xullo. Berta Dávila: *Escribir libros aquí e hoxe*

11 de xullo. Lourenzo Fernández Prieto: *Outra cara da emigración contemporánea: a Galicia moderna feita en América*

16 de xullo. Rosalía Fernández Rial: *Desnortadas: rumbo á poesía*

18 de xullo. Montse Pena Presas: *Tal multitude que fomos: un achegamento á polifacencia creativa de Luísa Villalta*



Outras actividades

8 de xullo. Iniciación ao baile tradicional galego

Obradoiro, impartido por **Montse Rivera**, membro de Leilía. Tras recibir información do contexto no que se adoitaba bailar (foliadas, seráns, frascas...), houbo un achegamento aos bailes soltos e agarrados, con pasos base e xogos.

10 de xullo. Concerto didáctico. A zanfona, instrumento milenario: cantos de cego e literatura de cordel

Concerto didáctico sobre a organoloxía, iconografía, repertorio, tipos e usos da zanfona, a cargo de **Ariel Ninas**, alter ego de Mauro Sanín.

12 de xullo. Recepción da alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, Goretti Sanmartín.

13 de xullo. Excursión a Lugo

Da man da profesora da USC **Ana Suárez Piñeiro**, especialista en romanización, o alumnado coñeceu as pegadas dos romanos na cidade actual.

15 de xullo. Somos un pobo de artistas.

Seguindo o método de Luísa Villalta, quen publicou en 1999 *O outro lado da música, a poesía*, **Xurxo Souto** penetrou na selva vizosa da música galega contemporánea.

17 de xullo. Encontro de confraternización

O parque de Bonaval acolleu o xa tradicional encontro de confraternidade. Na xuntanza servíronse petiscos e os estudantes interpretaron cancións galegas aprendidas nas clases e melodías populares dos seus respectivos países.

23 de xullo. Presentación do proxecto Neofalantes

O portal web neofalantes.gal ten como obxectivo servir de fiestra daquelas persoas que aprenderon e falan galego sen que esta sexa a súa lingua nai, tanto nados en Galicia coma xente de fóra que decidiu vivir no noso país.





Seminario de Gramática

O Seminario de Gramática, creado no ano 2000, encárgase da elaboración de estudos gramaticais sobre a lingua galega.

Coordinadora: Rosario Álvarez Blanco

Reunións do Seminario de Gramática

Secretario: Francisco Dubert García

19 de decembro de 2024

Membros:

Rosario Álvarez Blanco

Xosé Luís Regueira Fernández

María Álvarez de la Granja

Francisco Cidrás Escáneo

Francisco Dubert García

Elisa Fernández Rei

Xosé A. Fernández Salgado

Ernesto González Seoane

Xosé Xove Ferreiro

Durante o ano 2024, a actividade do Seminario de Gramática foi continuadora da desenvolvemento en anos precedentes:

Gramática académica

O equipo responsable da redacción da gramática da Real Academia Galega constituíuse hai xa algúns anos, arredor do proxecto *Gramática xeral descritiva do galego moderno*, co obxecto de describir o diasistema do galego moderno (séculos XIX-XXI), atendendo ás distintas variantes xeográficas, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade. Individualmente ou en parcería, os seus membros teñen unha liña de traballo ininterrompida neste campo.

Con posterioridade, este equipo de gramáticos, coordinado por **Rosario Álvarez**, asumiu a encarga de elaborar a gramática institucional da Real Academia Galega. O obxectivo académico é redactar unha gramática descritiva do galego estándar, capaz de orientar sobre o uso e as múltiples opcións lingüísticas, e asemade sobre a corrección gramatical, dirixida a usuarios de amplo espectro, con certo nivel cultural pero sen coñecementos técnicos en lingüística.

ConVerSo

O proxecto **Construcións verbais e sintaxe da oración** ten dous grandes obxectivos: un, específico, de redacción dun dicionario de construcións verbais, consistente na descrición semántica e sintáctica dos verbos galegos máis frecuentes; outro, de alcance máis amplo, de construción dunha base de datos con información sobre a sintaxe oracional: constituíntes sintácticos, orde e expresión formal.

En 2024, continuou a revisión e depuración de ConVerSO, base de datos compartida entre o Seminario e o ILG, que serve de corpus complementario indispensable para a redacción da gramática institucional. Realiza estes traballos o académico correspondente **Xosé Xove**.

Consultorio lingüístico

Seguiuse coa resposta a consultas lingüísticas no ámbito da gramática, polo xeral formuladas por particulares que as dirixen á institución. Son resoltas en rolda polos membros do Seminario, que debaten por correo electrónico e consensúan a resposta. O coordinador do Consultorio da RAG é o académico numerario **Xosé Luís Regueira**.



Grupo de traballo

A principal novidade da actividade do Seminario de Gramática foi o acordo de convocar periodicamente dentro da Sección de Lingua un grupo de traballo constituído polos coordinadores dos seminarios, e outros membros convocados en función da temática, para estudar casos especiais en relación coa norma e adoptar propostas colexiadas. No ano 2024, por mor dos asuntos seleccionados, a participación do Seminario de Gramática foi indispensable.

Seminario de Lexicografía

O Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega dedícase á elaboración de dicionarios e obras de consulta. Creouse en 1983 e comezou a súa andaina co primeiro **dicionario monolingüe da RAG, publicado en 1990**. Despois de varias revisións, a última versión do *Dicionario da Academia* conta con máis de 50000 entradas e está dispoñible en academia.gal. Así mesmo, realiza dicionarios bilingües e colabora en obras de especialidade.

Coordinador: Manuel González González

Secretaria: M.ª Dolores Sánchez Palomino

Membros:

Xosé Luís Axeitos Agrelo
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Francisco Fernández Rei
Manuel González González
Ramón Lorenzo Vázquez
M.ª Dolores Sánchez Palomino
Antón Santamarina Fernández
Andrés Torres Queiruga
Xosé M.ª Gómez Clemente
M.ª Carme Pazos Balado

Reunións do Seminario

17 de xaneiro de 2024
24 de xaneiro de 2024
21 de febreiro de 2024
20 de marzo de 2024
12 de abril de 2024
15 de maio de 2024
18 de xuño de 2024
11 de xullo de 2024
18 de setembro de 2024
16 de outubro de 2024
20 de novembro de 2024
18 de decembro de 2024

Persoal adscrito:

Ana Isabel Fachal Fraguela
Celia Fernández Vasco
María Liliana Martínez Calvo

Dicionario da Real Academia Galega

Continuouse co labor de revisión e actualización do DRAG, consistente na incorporación de novas entradas, na supresión dalgunhas que caeron en desuso e na modificación do contido de artigos lexicográficos xa existentes (novas acepcións, retirada de acepcións en desuso, e corrección de erros de todo tipo detectados na redacción).

Durante 2024 estudáronse preto de 500 palabras e incorporáronse máis de 200 novos termos.

Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega

O *Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega* é unha obra fundamental para o coñecemento tanto do devir histórico da lingua e da cultura galegas coma da súa situación actual.

En 2024 decidiuse asumir a elaboración do DHELG, baixo a dirección de **María Dolores Sánchez Palomino** e **Manuel González González**. Na súa orixe naceu como un proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía do goberno español, do que xa foron investigadores principais os actuais académicos responsables.

Neste momento estase co proceso de trasvasamento aos servidores da RAG tanto da páxina web do DHELG coma da plataforma para a súa redacción e dos recursos elaborados ata este momento.

Dicionario bilingüe castelán-galego

Continuouse coa elaboración do *Dicionario bilingüe castelán-galego da Real Academia Galega* (DRAGBIL), dirixido pola académica **M.ª Dolores Sánchez Palomino**.

O traballo parte da revisión, corrección e actualización do **dicionario bilingüe publicado pola Real Academia Galega no 2004**, tendo en conta, entre outros aspectos, a cohesión co *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG), de carácter monolingüe. Esta necesaria congruencia entre ambas as dúas obras comporta en ocasións a supresión ou modificación dalgún equivalente e, en particular, a inclusión doutros novos. O labor de actualización implica tamén a introdución e reordenación de novas acepcións e unidades fraseolóxicas. Por último, é necesaria a revisión e actualización dos datos de índole gramatical, fónica, diatéctica, diafásica, diastrática e de transición semántica que, entre outros, se proporcionan nos artigos lexicográficos.

O labor realizado durante este ano deu como resultado que a obra se considerase lista para a súa publicación en liña. Desta forma, comezáronse os traballos de transformación do *DRAGBIL* tal e como se atopa na plataforma TLEX nun dicionario en liña consultable libre e gratuitamente con múltiples funcionalidades.

Consultorio lingüístico

O Seminario ao longo do ano 2024 deu resposta a máis de 1 000 consultas que lle foron solicitadas por entidades públicas e privadas sobre determinados problemas lexicográficos.

Portal das Palabras

Setestrelas

Na sección Setestrelas preséntanse grupos de sete palabras que se relacionan entre si baixo un fío común. En moitos casos, o vínculo está motivado por algunha conmemoración. Durante o 2024 publicáronse **50 novas entradas**.



Mira que din

Neste apartado dáse difusión ás palabras novas, as que se actualizan e tamén ás innovacións léxicas froito do momento. En 2024 viron a luz **69 novos contidos**.



Allos con bugallos

A sección onde se dá noticia da historia das palabras, da dialectoloxía e a fraseoloxía, de curiosidades sobre a linguaxe, da situación dos idiomas no mundo ou contidos interesantes sobre a lingua. No ano 2024 editáronse **62 contidos** diversos.



Palabra do día

A Palabra do día **renovouse diariamente** con series temáticas vinculadas a efemérides ou asuntos de actualidade, das que se ofrece unha definición, proposta etimolóxica, citas literarias e, nalgúns casos, imaxes propias. A primeira semana do ano dedicouse ás palabras relacionadas con sobremesas; houbo unha serie referida ás palabras relacionadas cos regalos, un conxunto delas dedicadas aos pratos de culler, outra serie para o Día Mundial da Educación e palabras empregadas por Castelao nos seus escritos. Ademais, houbo varias series de palabras para honrar a autora das Letras, nas que se traballaron palabras vinculadas coas obras de Luísa Villalta exemplificadas nos seus textos.



Ligazóns

Esta sección actualizouse achegando enlaces a diversos recursos de interese, ben no ámbito da lexicografía, a través de vocabularios, glosarios etc., ben de maneira máis aberta en relación coa lingüística e a linguaxe en xeral, con materiais elaborados en diversos centros de ensino públicos, recursos audiovisuais, noticias sobre a lingua, actividades etc.



Xogos

En 2024 incorporáronse **57 novas entradas** nesta sección, nas modalidades "Verdadeiro ou falso", "Só unha vale", "Canto sabes?", "Dimo con letras", "Apunta ben", "A ver se dás..." e "Opa!".

Letras Galegas 2024

Desde o Portal das Palabras fíxose unha programación especial centrada nas Letras Galegas, dedicadas en 2024 a Luísa Villalta. Así, na sección Setestrela houbo unha entrada especial do 17 de maio; tres Mira que din e un Allos con bugallos foron accesibles a partir do mes de febreiro ata que rematou o simposio na honra da autora. Tamén se creou unha serie exclusiva de Palabras do día previa ao 17 de maio, e publicouse outra durante a semana na que se celebrou o simposio dedicado a Luísa Villalta. Ademais elaborouse un conxunto de xogos exclusivos sobre distintos aspectos da obra e vida da autora homenaxeada.

Outros contidos especiais que se elaboraron foron os dedicados ao Día das Escritoras, ou os referidos ás festividades tradicionais como magostos, Entroido, Samaín ou o Nadal.



A palabra do ano 2024

A campaña da Palabra do Ano procura identificar voces especialmente destacadas na conversa pública dos últimos doce meses.

Cantareira foi a voz elixida Palabra do Ano 2024. Na primeira acepción do dicionario da RAG, *cantareiro*, -a define a persoa que sabe cantar ou afeccionada a facelo. Como adxectivo, esta voz ten unha segunda acepción similar, "que emite un son agradable e melodioso". Pero a Palabra do Ano 2024 refírese á forma substantivada **cantareira**, que se aplica á muller que canta cantigas populares.



Novas do Seminario de Lexicografía

***Cibercarracho* incorpórase ao paseo das Palabras do Ano de Lugo**

21 de marzo de 2024

Cibercarracho, a Palabra do Ano 2023, incorporouse ao paseo das Palabras do Ano de Lugo. O presidente da Real Academia Galega, **Victor F. Freixanes**, e o responsable de Patrimonio e Cultura da Fundación Barrié, o académico correspondente **Diego Rodríguez**, visitaron a rúa Menorca acompañados do tenente de alcalde, **Rubén Arroso**, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, **Maite Ferreiro**.



O Dicionario da Real Academia Galega actualiza a definición de *autismo*

1 de abril de 2024

Nas vésperas do Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo (o 2 de abril), a Real Academia Galega modificou no seu dicionario en liña a definición deste trastorno do desenvolvemento neurolóxico. A nova redacción adáptase aos cambios producidos na súa descrición científica e mais na súa percepción social. A nova redacción atende o pedimento da Federación de Autismo Galicia.



***Anicamento, teito de cristal e cultura da cancelación*, entre as novas entradas do Dicionario**

19 de abril de 2024

O Seminario de Lexicografía engadiu na última actualización desta ferramenta corenta voces canda novas acepcións ou melloras na redacción doutros vinte lemas.



Seminario de Onomástica

O Seminario de Onomástica, creado en 2001, encárgase da recompilación de datos do ámbito da onomástica, da súa investigación e da elaboración de informes sobre toponimia e antroponimia.

Coordinador: Antón Santamarina

Secretaria: Luz Méndez

Membros:

Ana Isabel Boullón Agrelo

Xesús Ferro Ruibal

Ramón Lorenzo Vázquez

Gonzalo Navaza Blanco

Antón Santamarina

Xosé María Lema Suárez

Luz Méndez

Xosé Antón Palacio Sánchez

Persoal adscrito:

Óscar Castro Castedo

Vicente Feijoo Ares

Iván Méndez

Reunións do Seminario

30 de xaneiro de 2024

20 de febreiro de 2024

12 de marzo de 2024

2 de abril de 2024

26 de abril de 2024

28 de maio de 2024

18 de xuño de 2024

26 de xullo de 2024

17 de setembro de 2024

9 de outubro de 2024

12 de novembro de 2024

17 de decembro de 2024



Galicia Nomeada

O Seminario de Onomástica da RAG é o responsable da administración e xestión de Galicia Nomeada, a plataforma colaborativa para a recolleita da microtoponimia galega e de toda a tradición oral vencellada a ela.

A finais de 2024 Galicia Nomeada contaba con 3845 usuarios/as rexistrados/as, que neste ano achegaron 15327 novos topónimos, que fan un total de 85142 dende que a plataforma botou a andar. En 2024 validáronse un total de 14513 microtopónimos.

En 2021 incorporáronse á base de datos de Galicia Nomeada 160000 microtopónimos procedentes do Proxecto Toponimia de Galicia (2000-2011) que foron xeorreferenciados polo Instituto de Estudos do Territorio (IET). En 2024 revisáronse e corrixióronse un total de 14228 destes microtopónimos.

Tamén este ano de 2024 o Seminario desprazouse a varios colexios e institutos de Galicia para explicarlles a alumnado e profesorado as funcionalidades da aplicación Galicia Nomeada. Os centros visitados foron o IES Marco do Camballón (Vila de Cruces), IES Ponte Caldelas (Ponte Caldelas), CIP Virxe do Corpiño (Begonte), IES

Poeta Díaz Castro (Guitiriz), IES Salvaterra de Miño (Salvaterra de Miño), IES García Barbón (Verín) e o IES Gregorio Fernández (Sarria).

Ademais, traballouse con asociacións veciñais (Entenza, Ponte Caldelas) e culturais (asociación Cantigas de Dona Xoana, Corcubión), e con grupos de voluntariado de Padrón e Vilar de Barrio.

Participouse tamén en tres xornadas científicas:

I Xeira CLARIAH-GAL4. 2 de maio de 2024.

Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Xornadas de microtoponimia. Proxecto Carballo na memoria. 5 ao 26 de setembro de 2024. Concello de Carballo

Xornadas O mes da Fundación Fernando Blanco de Lema 2024. 12 de outubro de 2024. Concello de Cee



Toponimia de Galicia



No ano 2024 elaboráronse diversos contidos para o mantemento e continua actualización do portal *Toponimia de Galicia*, ademais de manter actualizado o mapa interactivo de Galicia, onde se consulta e descarga a toponimia recolleita en cada concello.

Redactáronse doce novos contidos para a sección **Sabías que...**, repartidos nos subapartados *Curiosidades*, *Toponimia e cantigueiro*, *Etimoloxías populares* e *Toponimia e fraseoloxía*: río Verdugo, Balaídos, Cereixo, O Papagaio, O Gurugú (relacionados estes dous co Día das Letras Galegas e a obra de Luísa Villalta), Cabaleiros,


O Ingüeiro, A Virxe do Xurés, Zas, Bizcaia, Salvaterra de Miño e Arzúa.

Creáronse dous novos contidos para a sección **Experiencias de recollida**. Un deles sobre a rapazada de Meaño, que puxo en valor a súa toponimia a través de cantares de cego, e outro foi o proxecto “As nosas ribeiras”, de recuperación da talasonimia desde Cabanas a Fene.

Engadíronse vinte novos contidos etimolóxicos na sección **Detrás do nome**, doce para a sección **O Seminario de Onomástica responde** e once para a sección **Publicacións de interese**.



O Seminario de Onomástica responde



O Papagaio

Iván Méndez
6 de marzo de 2024



Moraime

Xosé María Lema
23 de abril de 2024



Antas de Ulla

Andrea Santiso
9 de setembro de 2024



Arzúa

Antón Santamarina
16 de setembro de 2024



Tordoia

Lidia Gómez Martínez
23 de setembro de 2024



Corrubedo

Fernando Cabeza Quiles
30 de setembro de 2024



Salvaterra de Miño

Gonzalo Navaza
7 de outubro de 2024



Monelos

Iván Méndez
14 de outubro de 2024



Ortoño

Ramón Lorenzo
21 de outubro de 2024



Zas

Xosé María Lema
4 de novembro de 2024



Bertamirás

Ramón Lorenzo
2 de decembro de 2024



Baiona

Gonzalo Navaza
5 de decembro de 2024

Nomenclátor de Galicia

En abril de 2024 o Seminario de Onomástica da RAG entregou a última versión do *Nomenclátor de Galicia* á Secretaría Xeral da Lingua para a súa aprobación no Consello de Goberno da Xunta. Sobre a base de 42212 rexistros iniciais realizáronse estudos sobre problemas lingüísticos en 4225 topónimos, dos cales en 2484 se emitiu un novo ditame e en 1741 se mantivo o ditame do Nomenclátor de 2003.

O equipo técnico do Seminario continuou a facer informes dos topónimos recollidos no *Nomenclátor de Galicia*. En total, fixéronse neste ano máis de 300 informes. 55 deles foron analizados polo comité científico do Seminario de Onomástica da RAG, dos que 54 foran obxecto dalgunha reclamación de tipo lingüístico; e un topónimo foi proposto para estudo por algún problema de carácter xeográfico-administrativo. En 35 casos cambiouse o ditame respecto do NG 2003.

Informes onomásticos


Redactáronse 34 informes onomásticos: dezaseis relativos a apelidos (ben para a galeguización, ben sobre a súa orixe e significado), sete referentes a nomes de pía, sete sobre topónimos e catro doutra tipoloxía.

Toponimízate 2024

A campaña Toponimízate de 2024 desenvolveuse en doce concellos, tres de cada provincia: **Boiro, Camariñas e Tordoia** (A Coruña), **Abadín, Antas de Ulla e Láncara** (Lugo), **A Arnoia, Cualedro e Vilar de Santos** (Ourense) e **Barro, A Illa de Arousa e Salceda de Caselas** (Pontevedra). Chegouse así á cifra de 94 concellos ao longo de sete anos.

Nas doce charlas explicáronse un total de 1364 topónimos e asistiron arredor de 600 persoas.





IX Xornada de Onomástica Galega. Os outros nomes

A IX Xornada de Onomástica Galega, celebrada o 19 de outubro no edificio Castelao do Museo de Pontevedra baixo o título "Os outros nomes", reuniu especialistas que profundaron na onomástica da ciencia, as intelixencias artificiais galegas, os grupos tradicionais, os fanzines e os animais domésticos.

O encontro anual que organiza o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, coa colaboración da Deputación de Pontevedra e do Museo de Pontevedra, estivo coordinado polas académicas Ana Boullón e Luz Méndez, e desenvolveuse da seguinte forma:



Sesión de mañá

- 10:00 h Inauguración
- 10:30 h *Os nomes do asombro. Da víbora de Seoane á estrela Rosalía* Xurxo Mariño
- 11:00 h *Nomeando a IA: voces artificiais* Elisa Fernández Rei, Adina Ioana Vladu e Carmen Magariños Iglesias
- 11:30 h **Intervención didáctica.** *Amigos entrañables. Unha aproximación aos usos contemporáneos nos nomes de animais desde a escola* Anxos García Fonte
- 12:00 Debate



- 13:00 h «Viva o noso bandiño!» *Achega ás denominacións dos grupos de pandeireteiras en Galicia* Noemi Basanta Llanes
- 13:30 h *A onomástica das marxes. Un percorrido sobre as diferentes combinacións ortográficas e as novas denominacións dentro dos fanzines galegos desde 1990 até a actualidade* Ramón Mariño Fernández
- 14:00 h Debate



Sesión de tarde

- 16:30 h *Os nomes do Ceo* Martin Pawley
- 17:00 h Debate
- 17:30 h Actuación.
Dicir o nome e esperar o eco Celso Fernández Sanmartín
- 18.30 h Clausura





A **Guía de nomes galegos** recolle a forma estándar de máis de 1 500 nomes que forman parte da nosa tradición antroponímica. Inclúe tamén as súas correspondencias con outras linguas e procura satisfacer a curiosidade sobre a historia ou lenda das personaxes que primeiro levaron estes nomes ou que os popularizaron.

En 2024 continuouse coa depuración e actualización dos seus contidos, así como coa atención das consultas e suxestións das persoas usuarias desta guía.



En xaneiro de 2025 presentouse a **Guía dos apelidos galegos**, a ferramenta en liña que facilita o coñecemento das formas propias de máis de 6 000 nomes de familia que abranguen aproximadamente o 95% da poboación galega. A Guía ofrece tanto a forma estándar de cada apelido coma as non estándar, coa equivalencia non deturpada, e permite descargar un informe do Seminario de Onomástica da RAG que acredita cal é a forma correcta daqueles apelidos alterados.

Novas do Seminario de Onomástica

A colección Terra Nomeada medra cun volume que viaxa ao centro xeográfico de Galicia

14 de febreiro de 2024

A filóloga Andrea Santiso Arias presentou na Casa da Cultura de Antas de Ulla o libro dedicado aos topónimos deste concello. A autora estivo acompañada na presentación polo presidente da RAG, **Víctor F. Freixanes**; a académica **Ana Boullón**, en representación da AGOn; e a alcaldesa de Antas de Ulla, **Pilar García Porto**.



Toponimia de Muros analiza a orixe e o significado de máis dun cento de nomes de lugar

15 de marzo de 2024

Alfonso Blanco Quintela presentou na antiga fábrica de Sel *Toponimia de Muros*. Foi un encontro aberto á veciñanza no que estivo acompañado por **Víctor F. Freixanes**; o coordinador do Seminario de Onomástica da RAG, **Antón Santamarina**; a presidenta da Asociación Galega de Onomástica e académica correspondente **Luz Méndez**; o vicesecretario da RAG, **Henrique Monteagudo**; e a alcaldesa de Muros, **María Lago Lestón**.



Unha doazón de máis 8 000 microtopónimos de Dumbría

19 de xuño de 2024

Modesto García Quintáns realizou o mapa topográfico do concello de Dumbría, máis de 8 000 microtopónimos xeorreferenciados. Esta documentación, que constitúe un material documental de enorme valor, foille entregada en doazón a Real Academia Galega para a súa incorporación a Galicia Nomeada.



Seminario de Sociolingüística

O Seminario de Sociolingüística, creado en 1990, desenvolve estudos que abranguen múltiples temas, como a elaboración de enquisas macrosociolingüísticas, a análise de actitudes lingüísticas ou a medición das competencias lingüísticas.

Coordinador: Henrique Monteagudo

Membros:

Marilar Aleixandre
Xesús Alonso Montero
Víctor Fernández Freixanes
Margarita Ledo Andión
María López-Sández
Henrique Monteagudo
Xosé Luís Regueira Fernández
Xosé Henrique Costas
Alba Nogueira López
Fernando Ramallo Fernández
Modesto A. Rodríguez Neira
Goretti Sanmartín Rei
Héctor Silveiro

Persoal adscrito:

Xaquín Loredó Gutiérrez
Gabino S. Vázquez Grandío

Grupo de traballo Educación e lingua galega

Este grupo de traballo constituíuse o 26 de xaneiro de 2023, e confórmano os seguintes membros:

Seminario de Sociolingüística da RAG

María López-Sández
Henrique Monteagudo Romero
Xaquín Loredó Gutiérrez
Gabino S. Vázquez Grandío

Asesoría externa

Ana Iglesias
Martín Vázquez Fernández
Pilar Ponte
Bieito Silva
Valentina Formoso

Lingua e sociedade en Galicia

O obxectivo do proxecto *Lingua e sociedade en Galicia* é analizar en profundidade os datos da *Enquisa de condicións de vida das familias* que o Instituto Galego de Estatística publica cada cinco anos e a súa evolución.

A gravidade dos datos do IGE correspondentes ao ano 2023 fixo ineludible a publicación dunha lectura urxente do seu conxunto pola Real Academia Galega, que culminou a publicación *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do IGE de 2023*. A panorámica presentada por este informe apunta á necesidade de poñer en marcha, de forma urxente, políticas eficaces que revertan a situación de devalo do idioma de noso.



O conflito lingüístico en contextos educativos

Na presente investigación analizáronse as políticas educativas galegas, un dos eidos nos que o conflito lingüístico se fixo máis explícito. Estudouse a súa evolución nos últimos 50 anos, dende a última etapa da ditadura franquista e o desenvolvemento do proxecto da autonomía na democracia, a súa construción ideolóxica e os seus obxectivos, e a súa incidencia na realidade social, tanto dende o punto de vista demolingüístico coma dende a percepción subxectiva do conflito lingüístico.

Os resultados recolléronse nun capítulo do volume monográfico *The Impacts of Language Conflict in Educational Settings*, coordinado polos profesores Yliana Rodríguez e Adolfo Elizaincín da Udelar.

O galego segundo a mocidade 20 anos despois

Este traballo quere presentar unha visión da mocidade pertencente á xeración Z (nados entre 1994 e 2010) centrada na discrepancia existente entre os usos e as actitudes lingüísticas cara ao galego, e comparar as diferenzas e similitudes existentes coa xeración precedente, a xeración do milenio (nados entre 1981 e 1993). Emprégase nel unha metodoloxía mixta: cuantitativa, experimental e etnográfica.

Este ano finalizáronse as análises e retomouse a redacción do texto final, que estivera pausada en favor doutros proxectos.

Mapas sociolingüísticos escolares

Seguindo o ronsel do *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* (2021) situamos os informes demolingüísticos realizados en distintos centros educativos, co obxectivo de afondar no coñecemento do proceso de desgaleguización e estudar o efecto de determinados contextos e etapas vitais no cambio e mantemento lingüístico dos escolares.

Ademais da educación formal, os proxectos estenden a súa metodoloxía a outros espazos de socialización xuvenil, coma actividades extraescolares ou centros socioculturais.

Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela

Os resultados indican que o municipio de Santiago de Compostela mantén unhas dinámicas sociolingüísticas diferentes ao resto do urbano galego, máis favorecedoras para a nosa lingua.

○ *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago* conta coa participación dunha mostra significativa dos centros educativos en todas as etapas preuniversitarias, dende a educación infantil á profesional. O traballo de campo incluíu ademais outras institucións, coma os centros socioculturais e as Escolas de Música do concello.

Respecto ás tarefas realizadas este ano, rematouse a recolleita de datos nos centros socioculturais; entrevistouse ao persoal do concello vinculado á normalización lingüística; deseñouse o cuestionario; estableceuse contacto cos centros educativos e constituíuse a mostra de participantes; e distribuíuse o cuestionario e o protocolo de administración.

Mapa sociolingüístico escolar do IES Félix Muriel

○ Seminario de Sociolingüística quedou ao cargo do deseño metodolóxico dunha pequena investigación e do desenvolvemento das técnicas cualitativas, así coma do análise de toda a información recollida, para a elaboración deste Mapa. O traballo incluíu unha recolleita de datos mediante a administración de enquisas á comunidade educativa, o desenvolvemento de dous grupos de discusión e a aplicación de entrevistas a algúns axentes clave. A información producida foi aproveitada polo IES na elaboración do seu PCL.

Tras a elaboración e distribución dun informe de resultados, este ano traballouse na redacción do estudo.

Mapa sociolingüístico escolar do IES Xosé Neira Vilas

Durante o curso 2023-2024, estableceuse contacto co IES Xosé Neira Vilas de Oleiros para facer un estudo semellante ao realizado no IES Félix Muriel de Rianxo.

Neste ano concretouse a colaboración mediante a sinatura dun convenio, deseñouse o cuestionario e o protocolo de administración e remitíronse ao centro para a recollida dos datos.

Modo galego, actívaio!

Proxecto para a mellora da xestión lingüística na Educación Infantil e Primaria do concello de Ames

En 2024 reeditouse o programa desenvolvido no curso 2023-2024 con algunhas novidades tanto no apartado da dinamización coma na avaliación. Entre as últimas, destacan a aplicación de enquisas de satisfacción do profesorado, enquisas pre/post de avaliación das actitudes lingüísticas, unha nova edición revisada dos Cadernos de campo do monitorado de Ames e o seguimento do compromiso mediante a aplicación Activador MGA!

Asinouse ademais un novo convenio entre a Real Academia Galega e o Concello de Ames para asesorar na reedición do proxecto ata o ano 2026.

Tamén se avanzou na avaliación dos datos recollidos durante as dúas primeiras edicións e na súa difusión a través de dous informes de resultados, de charlas nos centros educativos e reunións cos axentes involucrados e da asistencia a xornadas e congresos científicos. Redeseñouse por completo o programa, conforme aos resultados das nosas avaliacións, para a reedición no curso 2024-2025.



ESTANDAREV

A estandarización lingüística revisitada: mediatización, vernacularización e ideoloxías lingüísticas na España contemporánea.

ESTANDAREV é un proxecto de investigación que se dedica ao estudo comparado dos fundamentos valorativos e ideolóxicos da estandarización lingüística do español, o catalán, o galego e o éuscaro en España. A Real Academia Galega participa como EPO (Ente promotor, observador) pero tamén está presente nos equipos investigador e de traballo a través do Seminario de Sociolingüística.

No apartado cuantitativo do proxecto, continuouse coa análise dos datos e o asesoramento metodolóxico ao resto dos equipos territoriais e traballouse na revisión teórica das actitudes lingüísticas.

A parte cualitativa da investigación comezou co deseño dos instrumentos e a elaboración da mostra. Administráronse tamén as entrevistas a un terzo das persoas da mostra definitiva.



Novas do Seminario de Sociolingüística

A Real Academia Galega e o Concello de Ames blindan o proxecto *Modo galego, actívaio!* cun convenio ata o ano 2026

2 de abril de 2024

A Real Academia Galega e o Concello de Ames decidiron estender a colaboración no proxecto *Modo galego, actívaio!*, coa sinatura dun convenio ao abeiro do cal se prevé ampliar o programa aos primeiros niveis da ESO nos vindeiros cursos, entre outras medidas que comparten o obxectivo común de frear o abandono do galego na infancia.



A RAG e o Concello de Ames estenden ao primeiro ciclo de infantil o programa '*Modo galego, actívaio!*'

8 de maio de 2024

A Real Academia Galega e o Concello de Ames presentaron a segunda edición do proxecto de investigación-acción *Modo galego, actívaio!* Como novidade, o proxecto chega tamén ás dúas escolas infantís municipais, que atenden uns douscentos nenos e nenas ata os tres anos de idade, e reforza a oferta de accións formativas.



O Seminario de Sociolingüística participou no X Congreso da Asociación de Antropológos Iberoamericanos en Rede

12 de xullo de 2024

O encontro reuniu na Universidade Complutense de Madrid preto dun milleiro de profesionais de España, Portugal e América Latina. Neste encontro, Gabino Vázquez Grandío presentou o *Caderno de monitorado de Ames* para a observación da lingua do proxecto *Modo galego, actívaio!* nunha mesa sobre metodoloxía.



A lingua galega no século XXI: desafíos e fronteiras

O Seminario de Sociolingüística participou nun curso de verán de sociolingüística organizado en Ribeira pola Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Fixéronse alí as seguintes presentacións:

Perfil sociolingüístico do Barbanza. Henrique Monteagudo

A transmisión interxeracional da lingua no Barbanza. Xaquín Loredó

Transmisión e mantemento da lingua na infancia: as dinámicas familia/escola/pares.

Gabino Vázquez-Grandío

Obradoiro de actividades de sociolingüística.

Gabino Vázquez-Grandío e Xaquín Loredó

O Seminario de Sociolingüística presenta 'Modo galego, actívalo!' en foros de educadores e lingüistas

8 de outubro de 2024

O Seminario de Sociolingüística participou en encontros de especialistas en educación e lingüística coa presentación de *Modo galego, actívalo!* A iniciativa expúxose nas VII Xornadas Educación e Linguas, celebradas na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela; e mais no IV Simposio Internacional de Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico, na Facultade de Filoloxía da mesma institución.



Seminario de Terminoloxía

O Seminario de Terminoloxía, creado en 1996, ocúpase da elaboración de terminoloxía sistemática (elaboración de vocabularios sobre linguas de especialidade) e de traballos de terminoloxía puntual destinada especialmente á resolución de dúbidas de usuarios de linguas de especialidade.

Coordinador: Manuel González González

Secretario: Xesús Ferro Ruibal

Membros:

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Francisco Fernández Rei

Xesús Ferro Ruibal

Manuel González González

M.ª Dolores Sánchez Palomino

Xosé María Gómez Clemente

Reunións do Seminario

15 de xaneiro de 2024

27 de febreiro de 2024

18 de marzo de 2024

15 de abril de 2024

20 de maio de 2024

17 de xuño de 2024

15 de xullo de 2024

16 de setembro de 2024

21 de outubro de 2024

18 de novembro de 2024

16 de decembro de 2024

Termos validados

Ao longo de 2024, o Seminario de Terminoloxía traballou na validación de arredor de 400 denominacións galegas recomendadas para diversos conceptos das linguas de especialidade e, de maneira especial, dos dominios científicos e técnicos.

Entre os tecnolectos traballados están o das artes gráficas (*caldeirón, entreletra*), da química (*texturante, flavanol*), da música (*heavy metal, teclista*), da confección (*organza, micropaña*) ou da medicina (*otoliquorrea, umbílico*).

Nomes galegos das aves de Galicia e de España

O grupo de traballo de ornitonimia presentou unha ferramenta coas denominacións unificadas de máis de 600 especies diferentes de aves. Nomes galegos das aves é froito do traballo conxunto de ornitólogos e lingüistas e permite realizar procuras polo nome galego, o científico ou a familia á que pertence cada ave, acompañada en moitos casos de fotografías que reforzan o seu carácter divulgativo. A listaxe dálles preferencia ás denominacións patrimoniais, moitas delas documentadas dende a Idade Media e presentes no refraneiro.

TERGAL

TERGAL é un banco de datos terminolóxico plurilingüe que recolle as denominacións galegas recomendadas para diversos conceptos relativos ás linguaxes de especialidade, e que permite que os usuarios poidan resolver mediante a súa consulta moitas das dúbidas terminolóxicas de maneira directa. Neste momento están incorporadas a TERGAL todas as voces aprobadas polo Seminario durante o ano 2024.



Seccións

Sección de Historia

Desde a Sección de Historia, creada en 1998, trabállase e invéstigase sobre distintos aspectos relacionados coa historia da institución e de Galicia.

Director: Ramón Villares Paz

Reunións:

Secretario: Pegerto Saavedra Fernández

15 de febreiro de 2024

Membros:

1 de outubro de 2024

Rosario Álvarez Blanco

Lourenzo Fernández Prieto

Manuel Rivas Barrós

Pegerto Saavedra Fernández

Andrés Torres Queiruga

Ramón Villares Paz

Fernando López-Acuña López

Ana Romero Masiá



Andrés Martínez Salazar, o grande editor do Rexurdimento

O 12 de marzo, no Arquivo do Reino de Galicia, tivo lugar unha mesa redonda sobre a figura de Andrés Martínez Salazar (1846-1923), membro fundador da Academia e segundo presidente tras o pasamento de Manuel Murguía. No acto presentouse **Andrés, Martínez Salazar: aproximación bio-bibliográfica**, obra de Pedro López Gómez, e contou coa participación de:

Gabriel Quiroga Barro, Arquivo do Reino de Galicia

Ramón Villares, director da Sección de Historia da RAG

Pedro López Gómez, autor do libro

Víctor F. Freixanes, presidente da RAG





Marcial del Adalid

O pianista e compositor Marcial del Adalid (1826-1881), pioneiro na incorporación á música académica da lingua galega e dos sons inspirados nas melodías populares do país, é un dos creadores máis relevantes da escena galega e española do seu tempo. Autor de preto de 300 títulos coñecidos, a práctica totalidade das súas composicións, tanto en manuscritos coma en obra impresa, consérvase na Real Academia Galega.

Tras completar a dixitalización destes recursos, a Academia puxo en marcha unha web monográfica na que tamén se pon á disposición dos usuarios outros contidos relacionados co autor.



Ano Castelao 2025

No 75 aniversario do pasamento de Castelao, a RAG quíxose sumar ás celebracións que lembrarán a súa figura e o seu legado. Para isto, en 2024 traballouse na elaboración dun **sitio web** que veu a luz no primeiro día do ano 2025 e no que se irán incorporando contidos mensualmente dos distintos fondos institucionais.

O novo sitio de academia.gal consta de dúas seccións. En **Castelao na RAG** preséntanse de maneira divulgativa materiais da Academia relacionados co intelectual. Na outra sección, **Pezas destacadas**, membros da RAG e outros especialistas presentarán cada mes unha peza senlleira relacionada coa biografía ou a obra de Castelao.



Novas da Sección de Historia

O catálogo da biblioteca de Murguía e un libro coas contribucións das xornadas de homenaxe pechan o centenario do primeiro presidente da RAG

2 de febreiro de 2024

A Real Academia Galega púxolle o ramo ao centenario de Manuel Murguía coa publicación do catálogo da súa biblioteca e un segundo volume que recolle as achegas presentadas nas xornadas coas que a entidade lle rendeu homenaxe en 2023.



A RAG difunde as partituras de Marcial del Adalid nunha nova web que visibiliza un dos grandes músicos do Rexurdimento

22 de febreiro de 2024

A Real Academia Galega presentou a páxina web dedicada ao pianista e compositor Marcial del Adalid. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; e mais o académico correspondente e musicólogo Fernando López-Acuña e a investigadora Laura Touriñán —coordinadores da web— presentaron tamén a obra *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*.



A RAG dixitaliza a correspondencia interna dos seus primeiros anos de vida

5 de agosto de 2024

A Real Academia Galega completou a primeira fase de dixitalización da súa correspondencia histórica, que abrangue case dúas décadas de actividade, o período comprendido dende o ano da súa constitución, 1905, ata 1924, un ano despois do pasamento do seu primeiro presidente, Manuel Murguía.



Seccións

Sección de Literatura

Desde a Sección de Historia, creada en 1998, trabállase e invéstigase sobre distintos aspectos relacionados coa historia da institución e de Galicia.

Directora: Marilar Aleixandre

Secretaria: Ana Romaní

Membros:

Marilar Aleixandre

Xesús Alonso Montero

Anxo Angueira Vitorro

Xosé Luís Axeitos Agrelo

Fina Casalderrey

Víctor F. Freixanes

María López-Sández

Chus Pato

Manuel Rivas Barrós

Euloxio Rodríguez Ruibal

Ana Romaní

José Manuel Gómez Herrán

Ramón Nicolás Rodríguez

Celia Pereira Porto

Luciano Rodríguez Gómez

Olivia Rodríguez González

Reunións:

2 de abril de 2024

Grupo de traballo Pensamento e ensaio

Este grupo de traballo constituíuse o 9 de maio de 2024, e confórmano os seguintes membros:

Marilar Aleixandre

Fina Casalderrey

Víctor F. Freixanes

Lourenzo Fernández Prieto

María López-Sández

Chus Pato

Ana Romaní

Celia Pereira Porto

Olivia Rodríguez González

Este grupo de traballo pretende contribuír a elaborar discursos alternativos, contra-hexemónicos, sobre Galicia, que poñan de relevo as potencialidades do país, as posibilidades de construír proxectos de vida superando os que contemplan Galicia unicamente como "zona de sacrificio" para ser explotada polo extrativismo, ou caracterizada de modo folclórico.

Apertura	Victor F. Freixanes Marilar Aleixandre María López-Sández	Intervenieutes	Anxo Angueira Rosalía Fernández Rial Ana Romani Oriana Méndez Chus Pato Ismael Ramos Alfonso Pexegueiro Rafa Vilar Marilar Aleixandre
Loanza	Xesús Alonso Montero		
Actuación musical	García Mc		
Condutora literaria	María López-Sández		

POESÍA E SOCIEDADE DE ONTE A HOXE

Dialogando con **Celso Emilio Ferreiro**



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Consejo de Coruña

19 de marzo de 2024 | 19:00 h
Fundación Luis Seoane
Rúa San Francisco, 27 | A Coruña
Entrada libre e gratuita
Emisión en directo a través de
academia.gal

Poesía e sociedade de onte a hoxe. Dialogando con Celso Emilio Ferreiro

Celso Emilio Ferreiro (1912-1979) foi o protagonista da conmemoración do Día da Poesía da Real Academia Galega. A institución rendeu-lle homenaxe o martes 19 de marzo nunha convocatoria en que os versos do poeta celanovés dialogaron cos doutros dez autores actuais de distintas xeracións. A homenaxe estivo coordinada pola académica María López-Sández. Os textos elixidos recóllense na **plaquette conmemorativa, dispoñible en versión dixital na sección de publicacións.**

Intervencións

Apertura:

Víctor F. Freixanes
Marilar Aleixandre
María López-Sández

Loanza:

Xesús Alonso Montero

Actuación musical:

García MC

Condutora literaria:

María López-Sández

Recitan:

Anxo Angueira
Rosalía Fernández Rial
Ana Romani
Oriana Méndez
Chus Pato
Ismael Ramos
Alfonso Pexegueiro
Rafa Vilar
Marilar Aleixandre



as aldeas galegas novas olladas

Grupo de traballo *Pensamento e ensaio* da Real Academia Galega

Conversas cruzadas

As aldeas galegas: novas olladas. Conversas cruzadas

A Real Academia Galega celebrou o xoves 4 de xullo no salón de actos da Fundación Luis Seoane a xornada **As aldeas galegas: novas olladas. Conversas cruzadas**, unha proposta do grupo de traballo Pensamento e Ensaio, constituído no seo da Sección de Literatura.

O encontro permitiu compartir e reflexionar acerca de iniciativas que procuran un modo de vida sostible no rural en termos sociais, persoais e ambientais, e desenvolveuse de acordo co seguinte programa:

Presenta e modera: Marilar Aleixandre

A memoria da terra. María Sánchez, poeta e veterinaria

Sementeira do pasado. Escavar a cultura campesiña de Galicia Alfredo González Ruibal, arqueólogo

Territorio e paisaxe. Ana Corredoira, bióloga e gandeira

Desafíos de xestión dun territorio híbrido. Iago Lestegás, arquitecto

Actuación: Caamaño&Ameixeiras





Voces da narrativa II. Homenaxe a Nélida Piñon

A segunda edición de **Voces da narrativa** estivo dedicada á académica de honra **Nélida Piñon** (Rio de Janeiro, 1934 - Lisboa, 2022). O encontro, celebrado na Fundación Barrié o 29 de outubro, afondou na vida e na obra dunha figura esencial das letras contemporáneas do Brasil, que fixo das súas raíces galegas un dos esteos da súa produción literaria.

Programa

Presentación: Marilar Aleixandre

Karla da Silva

Antonio Maura

Alfonso Armada

Víctor F. Freixanes

Actuación musical: Boroa



Servizos



Arquivo

O Arquivo da Real Academia Galega está constituído pola documentación xerada e recibida pola institución no exercicio das súas funcións e actividades, e conservada para a xestión, a información, a cultura e a investigación.

Arquiveira-bibliotecaria:

Marilar Aleixandre

Persoal adscrito:

Jacobo M. Caridad Martínez

Funcións xerais

1. Recibir, organizar, clasificar e facer accesible a documentación.
2. Elaborar os instrumentos de descrición e de control adecuados para unha correcta comunicación da documentación e unha óptima accesibilidade a ela.
3. Colaborar na mellora do funcionamento da institución mediante o establecemento de pautas para o desenvolvemento de procedementos administrativos.
4. Facilitar o acceso e a consulta aos académicos e académicas e á cidadanía en xeral, nos termos establecidos no marco legal e normativo.
5. Establecer normativas reguladoras e criterios de ordenación e descrición dos documentos, así como as relativas a outros aspectos de tratamento automatizado da documentación e da información.
6. Formular directrices para a correcta conservación e instalación da documentación, establecendo as condicións idóneas que deben reunir as instalacións necesarias para a súa utilización e seguridade.
7. Desenvolver e participar en actividades de difusión do patrimonio documental da RAG.
8. Así mesmo, todas aquelas funcións que impliquen organización e tratamento da documentación constitutiva do patrimonio documental da RAG.

O Arquivo participa activamente en Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia, que está xestionado pola Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura e forma parte do Arquivo Dixital integrado de Galicia.

Fondos

Instalación definitiva das caixas FOT_01, FOT_5, FOT_6 nas UI FM_25, FM_26, e FS_71 e das caixas FOT_02, FOT_3, FOT_4 nas UI FM_27, FM_28 e FS_72.

Actualización da catalogación da serie Correspondencia do fondo *Familia Calvet* e da serie Correspondencia do fondo *Manuel Murguía*.

Documentación para a catalogación das seguintes series: Contabilidade, do fondo *Talleres de Fundición la Industriosa*; Correspondencia, do Fondo da Familia Calvet; Correspondencia, do fondo *Real Academia Galega*.

Instalación e catalogación de 26 novos mecanoscritos do fondo *Luis Manteiga*.

Catalogación da serie Correspondencia dos fondos *Xavier Bóveda* e *Xesús Rodríguez López*.

Dixitalizacións

Serie Correspondencia da Asociación Iniciadora y Protectora, colección *Manuscritos orixinais*.

Tres autógrafos de Rosalía de Castro, colección *Manuscritos orixinais*.

Fondo *Familia Calvet* [700 documentos].

Series patrimoniais, fondo *Familia Pardo Bazán*

Serie Correspondencia, fondo *Real Academia Galega*. Anos 1905 a 1913 [2552 documentos].

Fondos fotográficos.

Novos ingresos

Doazón de Adelaida Suárez e Emilio Chenlo de 26 novos mecanoscritos de Luis Manteiga, ampliando o depósito previo de 2004.

Nova documentación para engadir á colección *José Iglesias Roura*.

Tese de doutoramento de Enrique Jorge Montenegro Rúa *Santa Eulalia de Bóveda. Estudio histórico-arqueológico y propuesta interpretativa del monumento y su entorno* (UAM, 2015).

Catro cadernos impresos do blog do *Boletín Mindoniense* e proposta para dedicar un Día das Letras Galegas a Díaz Tovar. Colección *Documentos Impresos*.

Correspondencia de Juana de Vega.

Libelo contra os galegos do século XVIII.

Título de mestre do ano 1941 e carta de xubilación do mesmo do ano 1984 para incorporar á serie *Documentos históricos*.

Consultas

Foron atendidas a través de diferentes cales de comunicación 184 consultas, para a atención das cales se reproduciron 1278 documentos.

Orientouse e dirixiuse os usuarios no proceso de busca na aplicación Digiarch.

Novas do Arquivo

O arquivo da RAG sobe a Galiciana o fondo de Sofía Casanova

16 de xaneiro de 2024

Cadrandoo co aniversario do seu pasamento, o arquivo da Real Academia Galega incorporou a Galiciana-Arquivo Dixital de Galicia as dixitalizacións do fondo da autora, composto por 55 cartas, 61 orixinais de poemas e memorias e mais un conxunto de artigos e cartas sobre ela.



O Entroido coruñés de 1916 e o bando que substituíu a sátira polas carrozas

8 de febreiro de 2024


En febreiro de 1916 o Concello da Coruña emitiu un bando que regulaba as festas do Entroido. A colección de fotos do arquivo da RAG que ilustran a festividade dese ano, tiradas por Pedro Ferrer (1870-1939), pertence ao fondo persoal de Manuel Casás, o rexedor que asinou dito bando, futuro membro da Academia e presidente da mesma entre 1942 e 1960.



Catro cantares populares manuscritos por Rosalía de Castro

23 de febreiro de 2024

Cadrandoo co natalicio de Rosalía de Castro, a Real Academia Galega subiu ao Arquivo Dixital de Galicia os tres autógrafos poéticos de Rosalía de Castro que conserva no seu arquivo.



Centenario de Xosé Luís Pensado Tomé: o gran divulgador de Sarmiento

5 de marzo de 2024

O 6 de marzo de 1924 nacía en Negreira o filólogo Xosé Luís Pensado Tomé, un dos grandes coñecedores da obra de frei Martín Sarmiento, da literatura medieval galega e da historia da súa lexicografía. Co gallo do seu centenario, a Real Academia Galega publicou a súa biografía na sección de membros da RAG e mais unha selección de documentos do seu expediente como académico.

O arquivo fotográfico de Pura Vázquez na Academia

26 de marzo de 2024

O Arquivo da Real Academia Galega atesoura nos seus fondos unha serie de fotografías de Pura Vázquez que reflicten as vicisitudes dunha vida marcada pola experiencia da emigración e o compromiso coa literatura. Co gallo do aniversario da autora, a RAG publicou unha escolma de imaxes desta colección.

Os 125 anos da conferencia de Pardo Bazán na Société de Conférences de París

18 de abril de 2024

O 18 de abril de 1899 Emilia Pardo Bazán foi invitada a dar unha conferencia pola prestixiosa Société de Conférences, en París. Co gallo dos 125 anos daquel acontecemento, o Arquivo da Real Academia Galega subiu a Galiciana – Arquivo Dixital de Galicia o texto manuscrito daquela intervención, un documento no que se pode observar o proceso de corrección exhaustivo, tan propio da autora, na súa procura do celme literario.



Picadillo, 150 anos dun pioneiro da literatura gastronómica no Día do Libro

21 de abril de 2024

Cadrande co Día do Libro e o 150 aniversario do nacemento de Manuel Puga y Parga, Picadillo, o Arquivo da Real Academia Galega publicou en Galiciana o mecanoscrito dun dos seus libros, *El rancho de la tropa*, saído do prelo en 1909.



O fondo da familia Calvet e o xermolo do Dépor

9 de xuño de 2024

Cadrande coa celebración do Día Internacional dos Arquivos, a Real Academia Galega subiu á Rede preto de 700 documentos que compoñen o fondo da familia Calvet. O legado inclúe imaxes do ximnasio que un dos seus membros, Federico Fernández Calvet (1871-1933), fundou en 1902 na rúa Galera. Esta empresa converteríase en pouco tempo no xermolo do Dépor, o club de fútbol da cidade.



O Día de Defuntos no arquivo da RAG

30 de outubro de 2024

Co adaxo da festividade do Día de Todos os Santos e do Día de Defuntos, o arquivo da Real Academia Galega puxo o foco en tres fotografías históricas que ilustran a importancia de ambas as celebracións. As instantáneas, pertencentes á colección facticia da institución, amosan o mercado de flores montado na praza de María Pita da Coruña e un ategado cemiterio de Santo Amaro un 2 de novembro de comezos dos anos 30 do século pasado.



Biblioteca e hemeroteca

A Biblioteca da Real Academia Galega está especializada na área das humanidades, especialmente nos campos da historia, etnografía, lingua e literatura de Galicia. A colección iníciase en decembro de 1905 coas doazóns realizadas por membros da institución e por autores que foron remitindo as súas obras. Actualmente recibe fondos mediante compras, doazóns de autores e editoriais e intercambios con diversas institucións galegas.

Arquiveira-bibliotecaria:

Marilar Aleixandre

Persoal adscrito:

Ana M.^ª Menéndez Rodríguez

Fernando Pereira González

Catálogo e inventarios

Implantación do programa de catalogación KOHA.

Actualización do catálogo de fondos da Biblioteca, con especial atención ás obras de Luísa Villalta e ás relacionadas con Marcial del Adalid.

Actualización do catálogo de fondos da Hemeroteca, previa recollida de datos para engadir ás fichas catalográficas, nomeadamente aquela información relativa ás dimensións físicas.

Preparación do catálogo de obras da biblioteca persoal de Antón Vilar Ponte conservadas na RAG.

Redacción de 19 informes relativos a cuestións relacionadas coa biblioteca e hemeroteca da RAG.

Ingresos

Recepción dos fondos recibidos na Biblioteca e Hemeroteca da RAG ao longo do ano 2024, procedentes de compras, trocos, subscricións e doazóns. En total, ingresaron 344 novos títulos.

Selección e adquisición de novidades bibliográficas de temática galega de interese para a Biblioteca da RAG, especialmente os referidos a Luísa Villalta.

Troco de publicacións con diversas entidades, coas que a Real Academia Galega ten este tipo de acordo.

Dixitalización

Elaboración dunha listaxe de cen títulos de revistas para incluír en futuros proxectos de dixitalización.

Xestión da dixitalización dos exemplares microfilmados do xornal *La Crónica* de Nova York que conteñen artigos de Manuel Murguía.

Conservación e restauración

Xestión da compra de materiais de conservación (caixas e papel barreira).

Limpeza e reparación de rótulos dos libros de medicina doados por María del Adalid.

Consolidación de exemplares deteriorados de libros, folletos, revistas e xornais do fondo histórico da Biblioteca e Hemeroteca.

Revisión das publicacións periódicas galegas: avaliación do seu estado de conservación, reparación dalgúns exemplares, instalación en caixas de conservación. Selección de exemplares para encadernación.

Encadernación de exemplares da Biblioteca e da Hemeroteca: 104 folletos dos séculos XVII e XVIII e libros e revistas máis recentes.

Difusión

Elaboración da listaxe cos datos catalográficos das obras da biblioteca da RAG relacionadas coa figura de Marcial del Adalid que non proveñen do seu fondo persoal, para incluír na web particular da institución sobre a figura do compositor.

Exposicións e Mostras bibliográficas:

A Biblioteca e Hemeroteca da RAG participaron nas seguintes exposicións e mostras bibliográficas:

Ourense no tempo, na sede de Afundación en Ourense, do 3 de marzo ao 11 de maio de 2024.

Ronsel – 100 anos despois, no Museo Provincial de Lugo, do 27 de setembro ao 30 de novembro de 2024.

Arquitecturas que falan do seu tempo 1849-2024: 175 anos de arquitectura na Real Academia de Belas Artes da Coruña, no Museo de Belas Artes da Coruña, do 6 de novembro de 2024 ao 23 de febreiro de 2025.

Novas da Biblioteca e da Hemeroteca

Un cómic de Chichi Campos, o protagonista do Día da Ilustración 2024

29 de xaneiro de 2024

O Día da Ilustración de 2024 rendeulle homenaxe a Xesús Álvarez Campos, Chichi Campos (1952-1991), un dos máximos expoñentes do cómic e a ilustración galega entre os anos 70 e 80. Dotado dun humor irreverente e corrosivo, de forte carga política, o seu debuxo, de liñaxe underground e mesmo surrealista, incorporaba tamén elementos enxebres e populares. Boa mostra dos seus sinais de identidade é a copia da banda deseñada que a RAG conserva e comparte na Rede co gallo desta celebración.



O 'Missale Auriense', 530 anos dun dos libros impresos máis antigos de Galicia

1 de febreiro de 2024

O 3 de febreiro de 1494 Gonzalo Rodríguez de la Passera e Xoán de Porras remataban na vila de Monterrei o *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos no antigo Reino de Galicia, por encarga do bispado de Ourense. Cadrandos cos seus 500 anos, a Dirección Xeral de Cultura publicou unha edición facsimilar, ao coidado de Ignacio Cabano e Xosé María Díaz Fernández, que pode consultarse na biblioteca da RAG.



Cen anos de Seara de Herminia Fariña

4 de abril de 2024

O 4 de abril de 1904 nacía a poeta, actriz e dramaturga Herminia Fariña. Cadrandos co cento vinte aniversario do seu nacemento e o centenario da publicación do seu poemario *Seara*, a Real Academia Galega lembrou a autora.



Cen anos de *Ronsel: Revista de Arte*

29 de abril de 2024

A Real Academia Galega celebrou o centenario de *Ronsel. Revista de Arte*, cuxo primeiro número saíu do prelo en Lugo en maio de 1924. Esta publicación plurilingüe converteuse nunha canle de expresión da nova sensibilidade artística definida pola irrupción da vangarda. A RAG conserva a revista na súa hemeroteca e ofrécena en copia dixital en Galiciana.



A contribución da RAG á primeira exposición do libro galego antigo na Arxentina

24 de outubro de 2024

Con motivo do Día Internacional das Bibliotecas, a Real Academia Galega lembrou a viaxe alén mar dalgúns dos seus fondos bibliográficos para participar na chamada *Exposición del Libro Gallego Antigo* celebrada na Biblioteca Nacional da Arxentina en xullo de 1970. A mostra enmarcouse na celebración das "Jornadas Patrióticas Gallegas", organizadas polo Centro Gallego de Buenos Aires.



Colección de arte e obxectos históricos

O obxectivo da Colección de Arte e Obxectos Históricos da Academia é o de investigar, conservar e dar a coñecer as obras de arte, pezas arqueolóxicas e obxectos representativos da cultura galega que foron chegando á RAG desde os inicios da institución, fundamentalmente mediante as achegas dos propios académicos, dos autores e artistas, mais tamén pola contribución de institucións e persoas a título privado tanto da terra coma da diáspora.

Persoal adscrito:

Lois Bande Barreiro

Funcións xerais

1. Catalogación do patrimonio histórico-artístico da Real Academia Galega, formado por cadros, debuxos, medallas, mobiliario, estatuas, esculturas, figuras decorativas, obxectos persoais, carteis etc.
2. Compactación e almacenaxe da colección, mantemento e limpeza da mesma e xestión de traballos de restauración das pezas danadas.
3. Labores de documentación, xestión de pezas e montaxe das exposicións organizadas pola Real Academia Galega.
4. Xestión e control na entrega e devolución das obras pertencentes á colección da Real Academia Galega en préstamo temporal a outras institucións.
5. Reprodución fotográfica e dixitalización dos fondos da Colección, Biblioteca e Arquivo da Real Academia Galega.
6. Atención de usuarios a través de correo electrónico, teléfono e consultas presenciais, facilitando a reprodución de fondos segundo a normativa e dando solución aos pedimentos de reprodución e consulta.
7. Traballo de documentación e elaboración de textos para o futuro Museo virtual da Academia.

Documentación

Obras de Fernando Álvarez de Sotomayor, para dar resposta á petición de información da produtora The Media-pro Studios.

Historia e tipoloxía das medallas académicas, previa consulta do servizo de Documentación da Televisión de Galicia.

Placa da mina de azougue, a pedimento de Ángel Arcay Barral, director do Museo das Mariñas de Betanzos. Esta peza foi depositada en 1978 na Academia por Francisco Vales Villamarín.

La Cuesta de la Vida, do escultor Ángel Ferrant, por consulta de Xesús Vázquez, presidente da Fundación Xoán Piñeiro. O baleirado en xeso desta obra estivo depositado na Real Academia Galega entre 1921 e 2011.

Marcas de impresión de Agustín de Paz, presentes no colofón da *Descripción del Reyno de Galizia*, por petición de Pepe Barro.

Exposicións

Ourense no tempo. Sala de Exposicións Afundación de Ourense, 5 de marzo a 11 de maio de 2024. Préstamo de tres pezas.

Viajar para pintar: Sorolla en Galicia. Prorogada por un mes en abril de 2024. A peza solicitada é *Retrato de Amalia de la Rúa*, pertencente á Casa- Museo Emilia Pardo Bazán.

Ronsel – 100 anos despois. Préstamo da obra *Margarida a da sorriso d'a aurora*.

Arquitecturas que falan do seu tempo. Museo de Belas Artes da Coruña, 6 de novembro de 2024. Préstamo da obra *El castillo de Sobroso: Leyenda*.



Difusión

Elaboración dun artigo sobre o contexto histórico do músico Marcial del Adalid.

Elaboración de fichas para o Museo Virtual da Real Academia Galega.

Conservación e restauración

Elaboración dun informe sobre o mobiliario histórico albergado na Real Academia Galega.

Selección de mobiliario para ser restaurado: dúas mesas de despacho, un archivador, un estante, cinco cadeiras Thonet e unha cadeira.

Restauración dunha pistola de antecarga de mediados do século XIX.

Desinsectación de dez pezas mediante o uso dunha cámara hipóxica, e posterior tratamento químico. Traslado e aclimatación das pezas.



Xestión da colección

Tramitación do levantamento de tres pezas depositadas por Francisco Vales Villarín, por petición da familia. Trátase de dous machados de talón de Ambroa, da Idade de Bronce, e unha placa de chumbo do século XVIII.

Xestión da doazón de María Victoria Rodríguez Rodríguez, dun diploma e unha placa outorgados en 1901 ao seu avó, Eladio Rodríguez González.



Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán está situada no número 11 da rúa Tabernas da Coruña, na que foi a residencia familiar da escritora dende a infancia e escenario fundamental da súa vida persoal e literaria.

Director:

Víctor F. Freixanes

Académica responsable:

Marilar Aleixandre

Persoal adscrito:

Xulia Santiso Rolán

O peche ao público da Casa-Museo, por mor das obras de rehabilitación do edificio, sinalaron un xiro na orde de prioridade das funcións a desempeñar. Deste xeito, no ano 2024 deuse en traballar nos seguintes puntos: revisión do traballo realizado e o deseño de planificación museolóxica e museográfica para o futuro.



Contos escollidos. Emilia Pardo Bazán dende hoxe

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán celebrou o 173 aniversario da escritora coa estrea de **Contos escollidos. Emilia Pardo Bazán dende hoxe**, unha serie de vídeos de curta duración nos que as voces convidadas len e comentan fragmentos do relato da homenaxeada que elixiron.



Leticia Costas "Las medias rojas" (1914)

A desgarradora historia de Ildara, unha moza vítima da violencia sexista



Mario Obrero "Banquete de Boda" (1897)

Un relato que amosa toda a súa complexidade a través da súa mirada intelixente e sensible: Texturas, sabores, sentimentos, gustos... e indixestións.



María Vázquez "Feminista" (1904)

Unha historia que puidera ser, un apunte do natural, un sucedido, xustificando así unha trama que constitúe unha gran provocación



Lúa Mosquera "El corazón perdido" (1894)

Emilia vai aos coles

Proposta didáctica presentada como alternativa para levar aos centros escolares os textos e a biografía de Emilia Pardo Bazán. En 2024 visitáronse os seguintes centros:

23 de abril. Colexio Santo Domingo (FESD) na Coruña.



Ingresos

Fabiola Ubani doou unha montaxe de retratos de Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdos.



Difusión

Asemblea Anual do Consello Galego de Museos. 6 de abril de 2024, Museo Pedagóxico de Galicia, en Santiago de Compostela.

173 aniversario do nacemento de Emilia Pardo Bazán. 16 de setembro de 2024. CEIP Emilia Pardo Bazán, A Coruña.

Emilia Pardo Bazán. De Galicia a París. Revisión do discurso museolóxico da Casa-Museo Conferencia. 22 de abril de 2024. Centro de Estudos Galegas de París. Departamento de Estudos Ibéricos e Latinoamericanos, Universidade da Sorbonne Nouvelle.

"As torres de Meirás, o soño interrompido", conferencia. Xornadas O pazo de Meirás: historia dunha recuperación. 15 de novembro de 2024. Sada. UIMP.

Ruta por Marineda. Visita guiada. Seminario sobre Emilia Pardo Bazán na Universidade de Duisburgo-Essen (Alemaña).

Ruta por Marineda. Visita guiada. Grupo de lectura da Biblioteca do IES Afonso X de Cambre.



Conservación e restauración

Cheminea. Incorporación de cenefa ornamental.

Devolución da peza 96. Contador ou papeleira de mostra cuberta. Salamanca. Limpáronse os restos de goma que tinguían os dourados.

Restauración de dúas alfombras da colección e un reposteiro de seda, todas as pezas en moi mal estado. Solicitud de orzamento á Real Fábrica de Tapices.



Exposicións

Viaxar para pintar: Sorolla en Galicia. 6 de novembro de 2023 ata 3 de marzo de 2024 e ampliación do préstamo pola prórroga da exposición ata o 7 de abril. Peza "Amalia de la Rúa". 1913. Joaquín Sorolla.



Novas da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Sobre as amazonas da colección da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

8 de marzo de 2024

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán conserva dúas magníficas pezas nas que as protagonistas son as amazonas. Unha delas é o tapiz de Tomiris, e a outra é o chamado reloxo da amazona. Sexa casualidade ou un feito intencionado, a presenza destas mulleres guerreiras na colección garda relación inescusable coa escritora e a súa obra.



Cadrando coa data na que a porta do alén se abre, publicamos o conto de terror de Emilia Pardo Bazán: “No lo invento”

29 de outubro de 2024

“No lo invento” aparece publicado por ela unicamente na súa revista *Nuevo Teatro Crítico* nº 3, en marzo de 1891. A data é importante: Emilia está en pleno loito pola morte do seu pai e todas as atrocidades que o relato suxire poden deixar translucir o golpe emocional recibido.



Sobre a lápida de Roi de Mondego e a súa localización orixinal

10 de decembro de 2024

Desde a Casa-Museo xurdiu a necesidade de investigar sobre a historia da familia Pardo Bazán, esta vez centrada na súa propiedade da parroquia de San Martiño de Meirás. No Arquivo da Real Academia Galega atopamos algunhas certezas sobre as intervencións que se levaron a cabo no predio. Presentamos unha delas; a lápida de Roi de Mondego non se labrou para estar na capela de Meirás, o seu destino actual.



Publicacións

A Comisión de Publicacións constituíuse o 25 de xaneiro de 2018, despois de ser aprobada no plenario do 15 de decembro de 2017.

Presidente:

Víctor F. Freixanes

Secretario:

Henrique Monteagudo

Membros:

Manuel González González

Chus Pato

Pegerto Saavedra Fernández

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Persoal adscrito:

Nélida Cosme

Publicacións periódicas



Cadernos de Lingua 41



Boletín da Real Academia Galega 384



La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán 18

Monografías



Poesía e sociedade de onte a hoxe: Dialogando con Celso Emilio Ferreiro

María López-Sández (ed.)



Violino, Inglesa e o libro xigante: Pequena biografía de Luísa Villalta

Xoán Babarro, Ana María Fernández; Óscar Villán

Edición dixital



I es a noite, i es a aurora: a poética da luz en Rosalía de Castro

Discurso de ingreso de Anxo Angueira e resposta de Chus Pato



Memoria de actividades 2023

Edición dixital



Algunhas tarefas da lexicografía galega actual

Discurso de ingreso de Manuel González e resposta de Carlos Casares

Edición dixital



Concerto para un home só

Luísa Villalta



Análisis existencial do home galego enfermo

Discurso de ingreso de Domingo García-Sabell e resposta de Ramón Otero Pedrayo

Edición dixital



La casa gallega

Discurso de ingreso de Xaquín Lorenzo e resposta de Ramón Otero Pedrayo

Edición dixital



Do poñente ó nacente. Unha ollada desde Xapón á lingua e á cultura galegas

Discurso de ingreso de
Takekazu Asaka e resposta
de Francisco Fernández Rei



Arte e arquitectura en Galicia

Discurso de ingreso de
Manuel Gómez Román e
resposta de Ramón Otero
Pedrayo

Edición dixital



O malfadado don García, rei de Galicia

Discurso de ingreso de
Casimiro Torres Rodríguez e
resposta de Xosé Filgueira
Valverde

Edición dixital



Un gallego universal: José Alonso Trelles (El Viejo Pancho)

Discurso de ingreso de Julio
Sigüenza e resposta de Ángel
del Castillo

Edición dixital



Alma d'a poesía gallega

Discurso de ingreso de
Amador Montenegro
Saavedra e resposta de Juan
Barcia Caballero

Edición dixital



El arabista Fr. Alfonso Bonhome

Discurso de ingreso como
académico de número de
Aureliano Pardo Villar

Edición dixital



VII Concurso de microrrelatos: relatos gañadores

Edición dixital



Nomes galegos das aves de Galicia e de España

Manuel González González,
Silverio Cerradelo Gómez,
Xosé M. Penas Patiño e Cos-
me D. Romay Cousido

Edición dixital



Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023

Henrique Monteagudo,
Xaquín Loredo e Gabino S.
Vázquez-Grandío

Edición dixital



Estudos de onomástica galega IX. Os outros nomes

Edición de Ana Boullón e Luz
Méndez




Poemas escollidos de Papagaio

Luísa Villalta. Fotografías de
Maribel Longueira

Tradución do galego: Vikash
Kumar Singh

Edición dixital



Almas vivas. Os libros de Antón Vilar Ponte na Real Academia Galega

Ana M.^o Menéndez
Rodríguez e Emilio Xosé Ínsua

Tribunas

Palabras para un tempo novo

Víctor F. Freixanes

5 de xaneiro de 2024

O *Dicionario do Galego no Bierzo*

Héctor M. Silveiro Fernández

9 de xaneiro de 2024

21 de febreiro: Día Internacional da Lingua Materna

María López Sánchez

21 de febreiro de 2024

José Luis Pensado

Ramón Lorenzo

11 de marzo de 2024

As dúas culturas no cento cincuenta aniversario de *El Heraldo Gallego*

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

4 de abril de 2024

Non perdamos a oportunidade

Carlos Xavier Rodríguez Brandeiro

22 de maio de 2024

Vicetto, creador da “simbólica” galega

Ramón Villares

30 de maio de 2024

Alba de esperanza

Víctor F. Freixanes

25 de xullo de 2024

Novo informe do Consello de Europa

Henrique Monteagudo

25 de setembro de 2024

Do humanismo de Viqueira: sobre nacionalismo e socialismo

Xesús Alonso Montero

3 de outubro de 2024

Agora ou nunca

Henrique Monteagudo

11 de outubro de 2024

Medios



A Academia nos medios

Presentación dos actos do 25 aniversario do pasamento de Gonzalo Torrente Ballester

27 de xaneiro de 2024

O presidente da Real Academia Galega participou en Ferrol na apertura da programación que lembrou a Gonzalo Torrente Ballester nos 25 anos do seu pasamento.



Entrega de premios do IV Certame de relato breve A Erbeda

6 de febreiro de 2024

O presidente da Real Academia Galega e o vicepresidente da Asociación Veciñal Os Nossos Lares, Álvaro Benedicto Pérez Sancho, entregaron os premios do IV Certame de relato breve A Erbeda, unha iniciativa da entidade de Palavea na que a RAG colabora xunto ao Concello da Coruña e as librarías Xiada, Moito Conto e Formatos.



Clausura da VI edición de 21 días co galego

6 de febreiro de 2024

O académico Xesús Ferro Ruibal participou na clausura da última edición do programa de dinamización lingüística *21 días co galego*, que por primeira vez se desenvolveu nas etapas de infantil e primaria. A sexta convocatoria desta iniciativa contou coa participación de preto de 4600 persoas de dez centros educativos de Galicia.



Premio da Cultura Galega de Proxección Exterior para os Cursos “Galego sen fronteiras”

7 de febreiro de 2024

O presidente da Real Academia Galega recolleu o Premio da Cultura Galega 2023 de Proxección Exterior, concedido aos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”.



Presentación do proxecto de rehabilitación integral da sede da Real Academia Galega

25 de abril de 2024

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o arquitecto Gonzalo Moure presentaron o 25 de abril de 2024 o proxecto de rehabilitación integral que se está a executar no número 11 da rúa Tabernas da Coruña. A presentación da proposta licitada celebrouse na sede da delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na Coruña.



Presentación de *Epistolario de Otero Pedrayo e Fernández del Riego*

26 de abril de 2024

Xesús Alonso Montero, prologuista do libro, e Patricia Arias Chachero, responsable da edición presentaron no Liceo de Ourense *Rexistros no vento. Epistolario de Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo*.



Visita oficial do alcalde de Zas

29 de maio de 2024

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, recibiu o alcalde de Zas, Manuel Muíño. O rexedor fíxolle entrega de exemplares da antoloxía poética de Enrique Labarta Pose (1863 - 1925) editada por Galaxia co patrocinio do Concello de Zas. O volume forma parte das iniciativas que a Comisión Labarta Pose está a desenvolver no marco da súa campaña de reivindicación dun Día das Letras Galegas para o autor.



Visita do voceiro do Grupo Socialista

10 de xuño de 2024

Víctor F. Freixanes recibiu o voceiro do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia e secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro. No encontro ambas as partes compartiron a súa preocupación pola creba na transmisión xeracional do galego e a necesidade de recuperar consensos arredor do idioma para artellar novas políticas que garantan o seu futuro.



Recepción do alcalde de Meaño

25 de xuño de 2024

O presidente da Real Academia Galega recibiu o alcalde de Meaño, Carlos Viéitez Fernández. O rexedor entregoulle exemplares de *Herminia Fariña. Vida e obra dunha poetisa de Meaño*, un volume editado polo concello para divulgar a figura da escritora, que forma parte das iniciativas que se están a desenvolver dentro da súa reivindicación dun Día das Letras Galegas para Herminia Fariña (1902-1964).



As cantareiras e a poesía popular oral protagonizarán o Día das Letras Galegas 2025

5 de xullo de 2024

A Real Academia Galega acordou en sesión plenaria ordinaria render homenaxe no Día das Letras Galegas 2025 ás cantareiras e á poesía popular oral. A institución personifica a homenaxe en Adolfinia e Rosa Casás Rama, naturais de Cerceda; Eva Castiñeira, de Muxía; e as Pandeireteiras de Mens, de Malpica de Bergantiños.



Recepción do alumnado do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstolo

18 de setembro de 2024

Vinte e dous alumnos do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstolo de Buenos Aires, de visita en Galicia, foron recibidos polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, na sede da Fundación Luis Seoane. O presidente introduciunos na historia da Academia e no estreito vencello histórico entre Galicia e Arxentina exemplificada na figura do escritor e pintor Luís Seoane.



A RAG insta as autoridades galegas a executaren as recomendacións de acción inmediata do Consello de Europa para a lingua do país

25 de setembro de 2024

Na véspera do Día Europeo das Linguas, a Real Academia Galega insta as autoridades galegas a executaren as recomendacións de actuación inmediata sinaladas no sexto informe da comisión de expertos do Consello de Europa encargada de analizar o cumprimento da *Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias* en España.



A RAG reivindica no Congreso a pluralidade lingüística como un patrimonio común

26 de setembro de 2024

O presidente da Real Academia Galega participou no acto conmemorativo do Día Europeo das Linguas que tivo lugar no Congreso dos Deputados, un ano despois de que o Parlamento español recoñecese plenamente o uso do galego, o catalán e o éuscaro nas súas sesións e documentos.

A Real Academia Galega tamén estivo presente na oitava reunión do Consello das Linguas Oficiais da Administración Xeral do Estado. Henrique Monteagudo representou a institución no encontro convocado polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, que se desenvolveu na Universitat d'Alacant.



Visita oficial da portavoz nacional do BNG

11 de novembro de 2024

O presidente da Real Academia Galega recibiu a portavoz nacional do BNG. Víctor F. Freixanes e Ana Pontón abordaron a situación da lingua galega nunha xuntanza na que tamén participaron o vicesecretario, a tesoureira e a arquivista-bibliotecaria da RAG, Henrique Monteagudo, Fina Casalderey e Marilar Aleixandre; e mais as deputadas Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo.



Recepción do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

22 de novembro de 2024

O presidente da Real Academia Galega recibiu o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude. Víctor F. Freixanes reiterou a preocupación da institución pola evolución do idioma do país e insistiu na necesidade de acadar no Parlamento de Galicia un gran pacto pola lingua.



Presentación das Letras Galegas 2025 no Culturгал

1 de decembro de 2024

Ana Boullón e Víctor F. Freixanes participaron na presentación das Letras Galegas 2025, dedicadas á poesía popular oral e ás mulleres que a crearon e a transmitiron ao longo dos séculos, no acto de clausura da décimo sexta edición do Culturгал.



Presentación de Obra en galego, de Francisca Herrera Garrido

16 de decembro de 2024

O presidente da Real Academia Galega participou na presentación do volume que recolle a obra en galego de Francisca Herrera Garrido (1869-1950). A Casa Charry acolleu o acto, no que estiveron presentes Camiño Noia Campos, encargada da edición crítica, o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, e José Leoncio Areal, sobriño neto da escritora e editor do libro.





7º Concurso de Microrrelatos

A sétima edición do concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e Punto.Gal botou a andar o 24 de xaneiro de 2024. Nas tres modalidades da convocatoria, que estivo aberta ata o 29 de febreiro, participaron cerca dun milleiro de persoas.

Xurados

Os relatos presentados na modalidade de persoas adultas foron valorados polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e tamén académico, Manuel González; a académica correspondente Olga Castro; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a escritora Antía Yáñez, membro do comité de redacción da revista *Luzes*.

O xurado das modalidades infantil e xuvenil integrárono o académico de número Euloxio R. Ruibal; a académica correspondente Montse Pena Presas; a presidenta do padroado do Museo do Pobo Galego e membro da directiva de PuntoGal, Concha Losada; a filóloga e tamén membro do equipo de PuntoGal Cristina Ríos; e o escritor e xornalista Lois Alcayde Dans, coordinador da revista *Luzes*.

Relatos gañadores

Claudia Pérez González fíxose co primeiro premio na categoría de adultos con "Nin con lixivia". O segundo premio foi para Luca Chao, por "Esperanza", e Manuel González Seoane fíxose co terceiro premio co relato titulado "Herdanza".

Na modalidade xuvenil, Jacobo Pérez Criado acadou a máxima distinción con "Escoitouse o silencio", o segundo premio foi para Mencia Ferreiro García por "Piii... piii... piii..."; e o terceiro para Carla Coucheiro Rodríguez por "Inocencia".

Na categoría infantil, Martina Boo Álvarez foi recoñecida co primeiro premio por "Un día misterioso"; Mariña Abollo Aneiros recibiu o segundo por "O niño da palmeira", e Xoel Villar Castro foi recoñecido co terceiro por "Traballo a tempo completo".

Entrega de premios

O 23 de xullo, nun acto celebrado na Fundación Luís Seoane, entregáronse os galardóns ás nove persoas gañadoras, que recibiron distintos premios tecnolóxicos e relacionados coa lectura. Participaron na entrega os membros de número Víctor F. Freixanes, Manuel González González e Silvia López en representación da revista *Luzes*.





REAL ACADEMIA GALEGA